

2.5.- Os sectores produtivos

A estrutura dos sectores produtivos dun territorio, xunto coa súa demografía e as particulares variables territoriais, configuran, dun xeito determinante, o seu desenvolvemento económico e á xeración de emprego e riqueza. O obxectivo deste apartado é analizar a situación e evolución recente do tecido empresarial e da actividade produtiva de Ferrol e a súa área de influencia.

O primeiro apartado deste capítulo fai mención ao marco de referencia global para o desenvolvemento dos sectores produtivos, fundamentalmente o “Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020” e a “Axenda de Competitividade Galicia Industria 4.0”, que constitúe o Plan Director da Industria de Galicia para o período 2015-2020. Dunha banda, o devandito Plan estratéxico presenta como obxectivo xeral o de “impulsar o crecemento económico de Galicia partindo dun modelo baseado na innovación e o capital humano, que colabore a acadar unha Galicia moderna e cohesionada social e territorialmente e que permita diminuír o desemprego, au-

mentar a produtividade e a renda dos galegos e das galegas colaborando a retomar a senda do crecemento demográfico”. Doutra, o obxectivo fundamental da Axenda é o fomento da competitividade das empresas galegas, constituíndo o seu núcleo accións para fomentar a competitividade das nova industria.

En segundo lugar analízase a evolución e as principais características do tecido empresarial da área de Ferrol, entre as que cómpre salientar a maior incidencia da crise económica en comparación co conxunto da Comunidade Autónoma en termos de evolución do número de empresas (maior destrución en época de crise e menor creación nos anos anteriores a mesma).

A terceira parte deste apartado céntrase na análise da actividade produtiva atendendo ao volume de facturación e valor engadido xerado polas empresas consideradas no directorio de empresas de Ardán 2016. Estes dous indicadores reflicten a elevada concentración empresarial e sectorial tendo en

conta tanto o feito de que os tres sectores máis importantes do territorio analizado en termos de facturación –industria auxiliar, agroalimentario e construción– acollen en torno ao 65% dos ingresos de explotación, ou que tan só 10 empresas suman o 64% do total facturado.

Finalmente, preséntanse os resultados da enquisa realizada en relación aos sectores de máis futuro para o desenvolvemento do territorio analizado. O naval é o sector máis importante (10 puntos) por diante da enerxía, con 8,2 puntos, e a industria auxiliar e o turismo, con case 8 puntos. Non obstante, existe unha elevada incerteza tendo en conta que a resposta “difícil de determinar” ten unha valoración de 8,5 puntos.

Marco de referencia

Unha vez mencionadas as Directrices de Ordenación do territorio (DOT) como elemento que define e caracteriza o territorio como marco, espazo e recurso no que se sustenta o seu desenvolvemento, a segunda referencia que hai que ter presente é o “Plan Estratégico de Galicia 2015-2020”.

En aras de acadar o devandito obxectivo final de impulsar o crecemento económico da Comunidade Autónoma partindo dun modelo baseado na innovación e o capital humano, desenvólvense as actuacións prioritarias e obxectivos estratéxicos que se agrupan en catro eixes de actuación máis un instrumental.

O plan integra os principios horizontais de asociación e gobernanza, promoción da igualdade de homes e mulleres e non discriminación e desenvolvemento sustentable. A súa finalidade é a de avanzar en catro obxectivos transversais que abranguen a todos os eixes de actuación:

- Colaborar a mudar a actual dinámica demográfica;
- Cohesión territorial e fixación da poboación no medio rural;

ción no medio rural;

- Fomento do emprendemento e internacionalización en todos os campos;
- Impulso da cultura da innovación.

Estrutúrase en tres niveis principais: eixe, prioridade de actuación e obxectivo estratéxico / obxectivo instrumental; e consta de 5 eixes prioritarios, 20 prioridades de actuación, 74 obxectivos estratéxicos e 21 obxectivos instrumentais (**cadro 2.5.1.**) .

No que á Axenda da Competitividade Industrial se refire, cómpre mencionar que xunto aos seus plans de impulso, constitúe o Plan Director da Industria de Galicia 2015-2020. Para acadar o obxectivo fundamental dunha industria galega competitiva nun mercado global, a Axenda da contempla cinco programas de impulso:

- Un primeiro programa relacionado cos factores territoriais de competitividade, cuxa finalidade é asegurar un entorno adecuado para o desenvolvemento industrial relativo a: enerxía, normativa, solo industrial, formación profesional, TICs e infraestruturas e loxística.

- Catro programas de impulso no reforzo das persoas e das organizacións, capitalización e crecemento empresarial, innovación e expansión de mercados e internacionalización.

Estes cinco programas de impulso desenvólvense en 26 enfoques estratéxicos e 60 medidas (56 ao longo dos programas de impulso e catro adicionais que describen o papel dos axentes colaboradores).

Por mor da súa incidencia no desenvolvemento da actividade produtiva, é importante ter en conta o “Plan sectorial de ordenación das áreas empresariais de Galicia”. Un dos seus obxectivos fundamentais baséase na cobertura dos déficits de solo empresarial observados tratando, á súa vez, de reequi-

Eixes e prioridades do Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020

Eixe 1.- Empregabilidade e crecemento intelixente.

PA 1.1- Impulso da consolidación das políticas de gastos vencelladas á I+D+i. Integrar a Galicia no círculo virtuoso da innovación para o crecemento.

PA 1.2- Fomento da actividade empresarial e comercial, impulso da competitividade e internacionalización das empresas e autónomos/as, apoio á artesanía, regulación sectorial e protección da competencia.

PA 1.3- Aumento da empregabilidade e produtividade dos traballadores e traballadoras de Galicia a través da formación e innovación constante.

PA 1.4- Completar Galicia no que atinxe a infraestruturas básicas. Dar un novo pulo ás políticas de rehabilitación e conservación da vivenda.

PA 1.5- Consolidar un sistema educativo que minimize o fracaso escolar e se aliñe en resultados coas rexións líderes de Europa en todos os niveis e impulsar o SUG cara á excelencia.

Eixe 2.- Benestar das persoas e as familias e cohesión social.

PA 2.1- Sistema sanitario sustentable e de calidade. Fomento da saúde pública e dos hábitos de vida saudables.

PA 2.2- Desenvolvemento do sistema de servizos sociais de atención ás persoas maiores e dependentes.

PA 2.3- Mellora dos servizos sociais a familias e á infancia, apoio á conciliación e á promoción da igualdade, servizos e axudas complementarios da educación e políticas de xuventude e cooperación.

PA 2.4- Deseño dunha estratexia de integración social que mellore o benestar da cidadanía, axude ás persoas máis desfavorecidas a retornar o máis axiña posible a situacións socioeconómicas aceptables e que fomenta a igualdade de xénero.

PA 2.5- Garantir o acceso a unha vivenda digna en réxime de propiedade ou aluguer axeitada ás posibilidades de cada familia.

Eixe 3.- Crecemento sustentable, territorio, mar, agricultura, gandería e montes.

PA 3.1- Fomento do sector primario baseado na innovación e a calidade do produto galego que fixe a poboación ao medio rural.

PA 3.2- Enerxía renovable eficiente, intelixente e non agresiva co medio ambiente e a paisaxe. Fomento dunha economía baixa en carbono.

PA 3.3- Potenciación do turismo en Galicia a partir dun medio ambiente e cultura privilexiados.

PA 3.4- Conservación da natureza, ordenación do territorio e da paisaxe e cohesión territorial.

PA 3.5- Pechar un modelo de tratamento de residuos e un modelo de ciclo da auga líder en Europa.

Eixe 4.- Sociedade dixital, lingua, cultura e reforzo do peso de Galicia no seu entorno.

PA 4.1- Desenvolvemento da economía dixital. Apoio á industria cultural e de medios como unha fonte de riqueza e impulso ao desenvolvemento da sociedade da información.

PA 4.2- Conservación e promoción da riqueza cultural de Galicia.

PA 4.3- Impulso das institucións de autogoberno e mellora da súa influencia e colaboración con Europa, a Eurorrexión e o resto do Estado.

Eixe 5.- Administración moderna, austera, eficiente e de calidade.

PA 5.1- Función pública profesional, motivada e orientada ao servizo público.

PA 5.2- Administración transparente, eficiente e orientada a resultados.

Fonte: Xunta de Galicia, *Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020*

■ 2.5.1.

librar os déficits de localización de solo. Para iso, o Plan busca, dunha banda, cuantificar e localizar a superficie necesaria de solo empresarial que debe urbanizarse para cubrir as necesidades da demanda estimada. Doutra banda, definir os distintos ámbitos do territorio que sexan susceptibles de ac-

tuacións de carácter empresarial para cubrir ao longo prazo as necesidades de solo empresarial derivadas da aplicación das DOT, mediante o estudo da capacidade de aco-llida do territorio para actividades empresariais.

Censo empresarial a 1 de xaneiro de 2014

	Empresas (1)		Crecemento empresarial 2008-2014		Densidade empresarial
	(número)	(%/total)	(número)	Crec. Anual acumulado	2014 (empresas / 1.000 hab.)
Galicia	243.412		-11.311	-0,9	88,56
A Coruña	100.168	41,2	-4.355	-0,8	88,43
Lugo	37.597	15,4	-1.236	-0,8	109,69
Ourense	27.009	11,1	-1.092	-0,8	83,80
Pontevedra	78.638	32,3	-4.628	-1,1	82,70
Área de Ferrol	13.011	100	-1.035	-1,5	65,76
Cabanas	235	1,8	-13	-1,0	71,34
Capela, A	151	1,2	-8	-2,1	111,36
Monfero	299	2,3	-5	-0,9	143,13
Pontedeume	545	4,2	-55	-1,8	67,14
Pontes de García Rodríguez, As	803	6,2	14	0,3	75,51
Ares	286	2,2	-15	-0,9	49,82
Cedeira	694	5,3	-19	-0,6	97,10
Fene	735	5,6	-64	-1,6	54,45
Ferrol	4.015	30,9	-777	-3,0	57,04
Moeche	131	1,0	7	1,5	100,54
Mugardos	309	2,4	-28	-1,9	57,04
Narón	2.377	18,3	93	0,7	60,06
Neda	375	2,9	-33	-1,7	70,40
San Sadurniño	240	1,8	-16	-1,7	79,50
Somozas, As	96	0,7	0	0,0	79,27
Valdoviño	440	3,4	-26	-1,2	64,74
Cariño	363	2,8	-29	-1,7	85,59
Cerdido	111	0,9	-7	-1,5	88,87
Mañón	125	1,0	1	0,2	85,91
Ortigueira	681	5,2	-55	-1,8	113,56

(1) Incluídos sector primario e Administración Pública. Para poder comparar datos homoxéneos, á hora de analizar ás variacións empresariais considérase o número de empresas sen ter en conta ambos os dous sectores

(2) datos a 1 de xaneiro

Fonte: IGE, *Directorio de empresas e unidades locais*

2.5.2.


Censo empresarial

O número de empresas activas en Ferrol e a súa área de influencia a 1 de xaneiro de 2014 ascendeu, segundo os datos presentados no Directorio Central de Empresas (Dirce)¹, a 13.011, o que representa o 4,5% das empresas galegas e o 11% das empresas con sede social na provincia de A Coruña.

O impacto da crise económica en termos do censo empresarial prodúcese, ao igual que na Comunidade Autónoma e en España a partir do ano 2008. Tal e como se desprende da evolución recollida no **cadro 2.5.2.**, no conxunto dos 20 concellos analizados este impacto é superior ao experimentado polo tecido empresarial galego. O descenso medio anual acumulado no período 2008-


1 A partir do ano 2014 o Dirce cubre todas as actividades económicas, incluído o sector primario e a administración pública. Neste senso, as comparacións con anos anteriores fan referencia aos datos sen considerar ambos os dous sectores. A unidade básica de análise é a empresa, que se define como unha organización sometida a unha autoridade reitora que pode ser, segundo os casos, unha persoa física, unha persoa xurídica ou unha combinación de ambas as dúas e constituída con miras a exercer nun ou varios lugares unha ou varias actividades económicas por conta dunha mesma empresa.

Informe sobre FERROL e a súa área



(1) Non incluídos sector primario nin Administración Pública
Fonte: IGE, Directorio de empresas e unidades locais

2.5.3.



(1) 2007=100
Fonte: IGE, Directorio de empresas e unidades locais

2.5.4.

2014 foi de -1,5% na área de Ferrol, seis décimas superior á caída rexistrada en Galicia (-0,9%). Nos cinco anos anteriores á devandita crise (2004-2008) o crecemento do número de empresas activas na área de Ferrol foi do 1,3%, lonxe do 3,1% experimentado en Galicia e do 3,3% na provincia de A Coruña.

Doutra banda, tal e como amosa o **cadro 2.5.3.**, as taxas de crecemento interanual

presentan un peor comportamento ao longo dos trece anos analizados tanto en relación a Galicia (agás en 2004 e 2008) como ao conxunto do Estado (agás en 2004, 2009 e 2012).

A análise da densidade empresarial reflicte que o número de empresas por cada mil habitantes en Ferrol e a súa área de influencia é moi inferior ao rexistrado en Galicia, situándose este diferencial por riba dos 16

Tamaño medio das empresas en 2008 e 2014




Fonte: IGE, Directorio de empresas e unidades locais

2.5.5.

puntos a partir de 2007. No ano 2014 este indicador ascendía a 66 empresas na área de Ferrol fronte ás 88 empresas por cada 1.000 habitantes en Galicia. Se se considera a evolución desta variable a longo dos últimos anos, mentres que dende que comezou a crise económica Galicia e a área de Ferrol presentan un comportamento similar, entre os anos 2004 e 2008 a densidade poboacional medra de xeito máis acusado na Comunidade Autónoma que en Ferrol e a súa área: 7,9 puntos no primeiro caso e 3,7 puntos no ámbito territorial obxecto de estudo.

Os indicadores recollidos no devandito **cadro 2.5.2.** amosan o desigual comportamento nos diferentes concellos. Dunha banda, sobresaí Narón, que presenta o maior crecemento do número de empresas e de poboación en termos absolutos. Entre os anos 2008 e 2014, o número de empresas activas neste municipio aumentou a un ritmo medio anual do 0,7% (93 empresas máis en total) e a poboación o fixo a unha taxa do 1,1% anual (case 2.600 persoas empadroadas máis entre 2008 e 2014). No extremo oposto atópase o concello de Ferrol, que nese

Tecido empresarial en Ferrol e a súa área de influencia 2014: distribución de empresas segundo grupo de actividade



Fonte: IGE, *Directorio de empresas e unidades locais*

2.5.6.


mesmo período de tempo perde máis de 4.300 persoas (–1% de media anual), reducíndose o número de empresas activas en 777 (–3% de media anual).

No concernente ao tamaño medio do tecido empresarial, os datos a un de xaneiro de 2014 reflicten que as empresas de Galicia e de Ferrol e a súa área de influencia presentan no seu conxunto un tamaño similar. En torno ao 64% do tecido empresarial non ten asalariados, aproximadamente un 22% ten un ou dous empregados, mentres que tan só un 3,5% posúe dez ou máis traballadores. A diferenza entre Galicia e o tecido empresarial da área de Ferrol apréciase na evolución experimentada entre os anos 2008 e 2014 xa que mentres que na Comunidade Autónoma o peso relativo das empresas sen asalariados medra 4,2 puntos porcentuais, no conxunto dos 20 concellos analizados este incremento é de 2,4 puntos. Asemade, mentres que a importancia relativa das empresas de 1 ou

2 empregados se reduce en Galicia seis décimas porcentuais, na área de influencia aumenta seis décimas porcentuais. Como se desprende do **gráfico 2.5.5.**, o descenso do peso relativo das empresas que posúen entre 3 e 20 traballadores é superior en Galicia que en Ferrol e a súa área de influencia (3 puntos porcentuais menos en Galicia, fronte ao descenso de 2,2 puntos na área de Ferrol).

Se a aproximación ao tamaño medio das empresas se fai a través do cociente do número de traballadores afiliados á Seguridade Social en alta laboral entre o número total de empresas, a dimensión media das empresas de Ferrol e a súa área de influencia segue a manterse por riba do tamaño medio das empresas galegas. No último ano o número medio de traballadores nas empresas dos 20 concellos considerados sitúase nos 4,3 traballadores en tanto que no conxunto de Galicia esta rateo sitúase en 3,6 traballadores.

Índice de especialización relativa 2008-14: distribución segundo grupos CNAE 2009 (2 dígitos)



Fonte: elaboración propia CES Galicia a partir de datos do IGE

2.5.7.

Se se consideran tan só as empresas con asalariados, este indicador, onde non se inclúe os traballadores afiliados no réxime especial de autónomos, amosa tamén a maior dimensión das empresas de Ferrol e a súa área de influencia. En 2014 o tamaño medio das empresas con sede social neste territorio é de 10,3 traballadores fronte aos 8,5 traballadores en Galicia.

No concernente á súa distribución sectorial, no ano 2014 (último dato dispoñible a nivel municipal) o 21,8% das empresas de Ferrol e a súa área de influencia dedicábanse ás actividades comerciais (por xunto e ao retalho, reparacións de vehículos de motor), situándose a continuación o sector primario, que concentra o 15% das empresas, e a hostalería e a construción, que representaban cada unha máis do 12%. As actividades profesionais, científicas e técnicas supoñen o 8% das empresas da área e a industria manufacturera ten un peso do 5,2%. As principais diferenzas entre a estrutura sec-

torial da área de Ferrol e a do conxunto de Galicia están no sector primario e na hostalería, que teñen un peso relativo do 18,2% e 8,9%, respectivamente.

O **índice de especialización**² calculado para os grandes sectores e ramas de actividade indica que Ferrol e a súa área de influencia presenta unha sobreespecialización respecto á media galega –valores superiores a 1– no caso da hostalería e educación, cun índice en torno a 1,3, e as actividades sanitarias e servizos sociais, con 1,1.


² Este índice mide o grao de especialización dun determinado sector ou rama de actividade da forma

$$IE_i^F = (Emp_i / Emp_t)_F / (Emp_i / Emp_t)_G;$$

onde "Emp" indica o número de empresas; "i" sector ou rama de actividade; "F" Ferrol e a súa área de influencia; "G" Galicia

Informe sobre FERROL e a súa área

Empresas 2008-2014: crecemento medio anual acumulado



Fonte: elaboración propia CES Galicia a partir de datos do IGE

2.5.8.

A desagregación segundo grupos de actividade (CNAE 2009) indica que, dos 85 grupos analizados polo Dirce en 2014, trinta e dous presentan un índice superior á unidade, salientando o “transporte aéreo” (3,7), a “silvicultura” (2,2), a “fabricación doutro material de transporte (1,8), as “actividades deportivas, recreativas e de entretemento (1,7) e a “industria de papel” (1,6).


No concernente á actividade emprendedora e ao espírito empresarial, que se pode considerar como un elemento que contribúe ao dinamismo socioeconómico dun territorio, os dous indicadores que tradicionalmente se empregan para medir dita actividade emprendedora son o número de micro-pemes e o de afiliados á Seguridade Social por conta propia. Se se considera o número de empresas sen asalariados como unha aproximación ao primeiro indicador, o **cadro 2.5.8.** indica o desigual comportamento seguido en Galicia e no conxunto das tres áreas analizadas. Entre os anos 2008 e 2014 a taxa de crecemento anual acumulado en Galicia foi do 0,2%, rexis-

trándose unha taxa negativa do -0,9% en Ferrol e a súa área de influencia. As empresas con un ou dous asalariados no devandito período acumulan un descenso do 1,1% na área de Ferrol fronte á caída do 1,3% no conxunto de Comunidade Autónoma.

Actividade produtiva

A análise da actividade produtiva en Ferrol e a súa área de influencia parte da visión xeral que neste territorio teñen sobre cales son os sectores económicos máis representativos para os municipios atendendo á información obtida da enquisa realizada.

En segundo lugar preséntanse de xeito agregado os principais datos económicos (facturación e valor engadido) recollidos no Directorio de Empresas de Ardán 2016. De maior a menor grado de desagregación recóllense en primeiro lugar os 18 sistemas produtivos nos que se poden clasificar as actividades produtivas, entendendo por sistema produtivo a concatenación de activi-



2.5.9.

dades empresariais verticais ligadas a un territorio, dende as actividades extractivas, manufactureiras e de transformación ata as de distribución e servizos anexos ao produto. A continuación considéranse as principais ramas de actividade segundo a clasificación CNAE (catro díxitos) e finalmente, reflíctense as principais empresas do ámbito territorial analizado en termos de facturación e VEB (non inclúe Navantia nin Endesa).

Posteriormente considéranse de xeito máis polo miúdo as principais ramas ou sectores de actividade da área. En primeiro lugar analizaranse o sector naval, a industria auxiliar e o sector enerxético por ser non só os máis representativos do territorio senón tamén os de máis futuro para o desenvolvemento socioeconómico segundo os resultados da enquisa realizada. A continuación, o capítulo céntrase nos dous sistemas produtivos que xeran maior valor engadido se-

gundo o Directorio de empresas de Ardán: a loxística e transporte e a construción. Finalmente, analízase a situación doutros sectores importantes na área de Ferrol como o agrogandeiro, a silvicultura-madeira e o turismo-comercio.

a) Valoración actual dos sistemas produtivos

Os datos recollidos na enquisa realizada reflicten que o sector máis representativo da área de Ferrol é o sector naval, seguido a distancia pola industria auxiliar e o sector enerxético (renovables e non renovables). Como amosa o **cadro 2.5.9.**, se o naval ten unha puntuación de 10 (moi representativo), a industria auxiliar e a enerxía acadan un valor de 6,8 e 6,4 puntos, respectivamente. Por contra, os sectores da loxística e transporte, que en 2014 (último dato dispoñible) xera case o 20% do valor engadido bruto, e a construción, cun 15,3% do VEB, tan só son

Informe sobre FERROL e a súa área

Principais parámetros económicos da actividade de empresas non financeiras de Ferrol e a súa área de influencia 2012-2014

		2012	2013	2014	13/12	14/13	14/12
					(%)		
1.- Actividade							
Ingresos de explotación	(millóns de euros)	3.088,4	2.969,3	2.937,8	-3,9	-1,1	-4,9
Valor engadido bruto (VEB)	(millóns de euros)	451,8	422,3	413,0	-6,5	-2,2	-8,6
2.- Produtividade do emprego							
Traballadores		10.039	9.744	6.545	-2,9	-32,8	-34,8
Ingresos explotación / empregado	(P50) (miles de euros)	83,4	85,6	87,5	2,7	2,2	4,9
VEB / empregado	(P50) (miles de euros)	29,6	28,5	29,1	-3,7	2,2	-1,6
Custo medio do emprego	(P50) (miles de euros)	26,6	26,1	25,8	-1,8	-1,3	-3,1
2.- Rendibilidade (P50)							
Rendibilidade económica	(%)	1,03	0,84	1,28	-18,4	52,4	24,3
Marxe sobre vendas	(%)	1,22	0,81	1,03	-33,6	27,2	-15,6
Rendibilidade financeira	(%)	1,21	0,71	1,26	-41,3	77,5	4,1

Fonte: Elaboración propia a partir de Ardán

2.5.10.

considerados como “algo representativos” (unha puntuación de 5 sobre 10).

Esta apreciación global presenta algunha diferenza segundo os concellos que se consideran ou segundo as institucións consultadas. Dunha banda, mentres que o sector naval é o máis representativo en Narón e Ferrol, en As Pontes o é o sector enerxético. Asemade, como se aprecia na enquisa recollida no **anexo (gráfico 10)**, nos tres concellos analizados considéranse representativos os sectores da industria auxiliar, os servizos e a siderometalurxia. Por contra, cómpre mencionar a representatividade que se lle outorga ao sector primario en As Pontes e Narón, a diferenza do considerado no concello de Ferrol, ou ao sector da loxística e transporte en As Pontes, á actividade comercial e á construción en Narón, ou ao comercio e ao sector sanitario en Ferrol (nada representativo nos outros dous concellos).

Doutra banda, no concernente ás institucións da área, cómpre destacar que o sector público (alcaldes/concelleiros) consideran ao turismo como un sector moi representativo (10 puntos) por diante do naval, sector primario e servizos, cunha valoración de 8,3 puntos. No eido empresarial o naval é considerado como o máis representativo, se-



guido pola industria auxiliar e a enerxía con 6,6 e 6,3 puntos, mentres que no caso das asociacións, tras o naval sitúanse a industria auxiliar e os servizos, con 8,6 e 7,9 puntos (**gráfico 11** da devandita enquisa).

b) Panorama xeral dos sectores produtivos: unha visión global

En termos agregados, a mostra homoxénea de empresas facilitada por Ardán incorpora un total de 679 empresas non financeiras, o que representa o 4,2% das empresas galegas consideradas na súa mostra. Estas empresas xeraron ao longo de 2014 (último dato dispoñible) uns ingresos de explotación de 2.937,8 millóns de euros (4,3% do total) e o valor engadido bruto xerado nese ano situouse nos 413 millóns de euros (2,5%). Como reflicte o **cadro 2.5.10.**, ambos parámetros presentan no período 2012-2014 unha caída do seu valor, sendo esta máis acusada no caso do valor engadido (VEB), cun -8,6%, que no da facturación, que desce case un 5%.

No que á produtividade do emprego se refire, o valor da mediana (P50) indica que os ingresos de explotación por empregado aumentan no devandito período un 4,9% ata situarse nos 87,5 miles de euros. Por contra, a ratio VEB/empregado, a pesar do in-

Peso relativo dos ingresos de explotación e do VEB xerado no sistema produtivo de Ferrolterra 2014




Fonte: elaboración propia CES-Galicia a partir de Ardán, *Directorio de Empresas*

2.5.11.

Informe sobre FERROL e a súa área

Peso relativo dos ingresos de explotación e valor engadido xerado nas principais ramas de actividade (CNAE-4 díxitos) de Ferrolterra 2014

(Área de influencia de Ferrol = 100)



Fonte: elaboración propia CES-Galicia a partir de Ardán, *Directorio de Empresas*

■ 2.5.12.

cremento experimentado no último ano, descende un 1,6% entre 2012 e 2014. O terceiro indicador considerado, o custo medio por empregado, descende no dous anos considerados, sendo a redución entre os dous extremos da serie do 3,1%.

O tecido produtivo de Ferrol e a súa área de influencia presenta un elevado grao de concentración da facturación empresarial, sendo esta concentración moito máis acusada que no conxunto de Galicia.

O sistema produtivo máis importante en termos de facturación de empresas no conxunto dos vinte concellos analizados foi o da industria auxiliar, que xerou en 2014 o 42,4% dos ingresos de explotación das empresas analizadas por Ardán. A continuación sitúanse a industria agroalimentaria, co 15,5%, e o sistema produtivo da construción, co 6,7%. En termos de valor engadido xerado, o **cadro 2.5.11** amosa que a loxística e transporte xera case o 20% do total xerado en Ferrol e a súa área de influencia,

Ranking de empresas 2014 ⁽¹⁾: distribución segundo facturación

Ranking en Galicia	Empresa	Sector	Localidade
5	Metalúrgica Galaica, S.A.	Fundición de aceiro	Narón
24	Leche Celta, S.L.U.	Preparación de leite e outros produtos lácteos	Pontedeume
42	Megasa Siderúrgica, S.L.	Fundición de aceiro	Narón
92	Forestal del Atlántico, S.A.	Fabricación de colas	Mugardos
100	Indipunt, S.L.	Confección doutras prendas de vestir e accesorios	Narón
107	Lactogal Productos Alimentares, S.A.	Comercio por xunto prod. lácteos, ovos, aceites e grasas comestibles	Pontedeume
127	Regasificadora del Noroeste, S.A.	Comercio por xunto combustibles sólidos, líquidos e gaseosos	Mugardos
151	Transportes Almacenes Transitorios, S.A.	Transporte mercadorías por estrada	Narón
176	Industrias del Tablero, S.A.	Fabricación de chapas e taboleiros de madeira	San Sadurniño
208	Severiano Servicio Móvil, S.A.	Servizos administrativos combinados	As Pontes
226	Poligal Packaging, S.A.U.	Fabricación doutros produtos de plásticos	Narón
264	García Forestal, S.L.	Explotación de la madera	Cedeira
270	Loira Inter, S.L.	Fabricación de muebles	Narón
319	Megamalla, S.L.	Fabricación estruturas metálicas e os seus compoñentes	Narón
347	Maderas del Noroeste, S.A.	Comercio por xunto madeira, materiais constr. e aparatos sanitarios	Ferrol
348	Noa Madera Creativa, S.L.U.	Fabricación de mobles de oficina e de establecementos comerciais	Fene
437	Canido Hermida Constructora, S.L.	Construción de edificios residenciais	Narón
444	Canleamar, S.L.	Obras hidráulicas	Pontedeume
476	Unifera 2006, S.A.	Comercio por xunto de ferraxaría, fontanería e calefacción	Fene
521	Industrias Canido Hermida, S.L.	Fabricación doutros mobles	Narón
	Subtotal 10 primeiras		
	Subtotal 20 primeiras		
	Total Ferrol e a súa área de influencia		

(1) empresas con sede social na área de Ferrol

Fonte: elaboración propia CES-Galicia a partir de Ardán. *Directorio de Empresas*

2.5.13.

seguidos pola construción e os servizos profesionais, co 15,3% e 11,5%, respectivamente.

Esta situación difire de xeito considerable co acontecido no conxunto de Galicia, onde o téxtil se sitúa como principal sistema produtivo en termos de ingresos de explotación, ao xerar o 23,3% da facturación total galega, por diante da automoción (12,6%) e o sistemas agroalimentario e pesqueiro, cun peso relativo do 11% e 10,1%, respectivamente. No que atinxe á riqueza xerada, o téxtil representa o 24,1%, seguido polos servizos profesionais, a automoción e a construción, cunha porcentaxe superior ao 8,5%.

Se se considera un maior nivel de desagregación e se analizan os diferentes sectores empresariais, o **cadro 2.5.12.** indica que a fundición de aceiro é o máis relevante en Ferrol e a súa área de influencia, ao represen-

tar o 41,7% da facturación en 2014. En segunda posición, en función dos ingresos xerados, situouse a preparación de leite e outros produtos lácteos, con máis dun 11%, e a continuación os de transporte de mercadorías por estradas e fabricación de colas, cunha porcentaxe entornao ao 2,8%. No que atinxe á xeración de valor engadido bruto, os sectores máis salientables corresponden ás actividades anexas ao transporte, que concentra o 11,9% do VEB xerado en 2014 polas empresas de Ferrol e a súa área de influencia recollidas na mostra analizada, os servizos administrativos combinados, co 5,1%, e a confección doutras prendas de vestir e accesorios, co 4,5%.

A nivel individual, o elevado grado de concentración ponse de manifesto en que as tres empresas máis importantes en termos de ingresos de explotación xeran máis da metade da facturación total da área (50,5%). Como se aprecia no **cadro**

Facturación

2013	2014	14/13
(en €)		(%)
1.038.293.882	959.951.440	32,7%
314.186.518	327.020.007	11,1%
267.585.706	196.998.350	6,7%
76.297.200	79.371.472	2,7%
87.547.207	73.480.389	2,5%
63.283.643	69.126.094	2,4%
58.162.550	56.691.165	1,9%
44.873.518	47.216.745	1,6%
57.475.850	42.376.598	1,4%
36.278.519	36.595.743	1,2%
32.671.599	33.667.057	1,1%
24.861.354	29.247.850	1,0%
30.914.933	28.645.290	1,0%
22.415.001	23.711.961	0,8%
23.413.313	21.560.946	0,7%
18.158.701	21.298.624	0,7%
12.369.921	16.660.295	0,6%
11.562.613	16.444.968	0,6%
14.124.984	15.315.452	0,5%
14.926.901	13.988.095	0,5%
2.043.984.593	1.888.828.003	64,3%
2.249.403.913	2.109.368.541	71,8%
2.969.345.047	2.937.829.734	100,0%

2.5.13., destas tres empresas dúas teñen sede social no concello de Narón e pertencen ao subsector de función de aceiro. A actividade principal da outra empresa é a de preparación de leite e outros produtos lácteos e ten a súa sede en Pontedeume.

c) Sectores máis representativos: naval, industria auxiliar e o enerxético

Tal e como se indicou anteriormente, os tres sectores máis representativos de Ferrol e a súa área de influencia e sobre os que debe seguir asentándose o desenvolvemento económico do territorio segundo os datos recollidos na enquisa son a industria naval, o sector enerxético e a industria auxiliar.

• Industria naval

A industria da construción naval constitúe para Galicia en xeral, e para a área de Ferrol en particular, un sector estratéxico, non só

polo número de postos de traballo directos e indirectos que xera, senón tamén pola repercusión que ten sobre o conxunto do entorno socioeconómico. Historicamente, a principal industria de Ferrol e a súa área de influencia son os estaleiros de construción naval militar e civil, así como a industria auxiliar que daba soporte a eses grandes estaleiros.

O centro de construción militar que Navantia ten na ría de Ferrol, con instalacións en Fene e Ferrol, conta con importantes medios tecnolóxicos en construción naval, e cun avanzado modelo de produción, a construción integral, que permite acadar un alto nivel de calidade e unha diminución de custos e prazos.

Na zona de Ferrol tamén está localizada a fábrica de turbinas dedicada á fabricación de turbinas de vapor e aeroxeradores para plantas de xeración de enerxías, así como de engrenaxes reductores, liñas de eixos, tubos lanzatorpedos e outros equipos para buques.

Ademais, na ría de Ferrol, Navantia conta cunha liña de reparación e reconversión de buques, destacando a reparación de buques LNG e LPG (buques gaseiros), unidades offshore, buques químicos e outros buques especializados.

Dende os anos 80, a construción naval ven sufrindo diferentes reconversións que derivaron na perda de miles de postos de traballo vinculados ao sector naval. A partir do ano 2008, cando o sector naval xeraba en Galicia en torno a 10.000 empregos, asístese a un deterioro permanente da actividade, cunha redución drástica da demanda de buques que derivou nunha situación de sobrecapacidade importante no sector. Esta sobrecapacidade desembocou na destrución de postos de traballo a través da non renovación de contratos temporais, seguida da aplicación de expedientes de regulación de

emprego temporais, para finalmente recorrer aos expedientes de regulación de emprego extintivos.

No que respecta á actividade de Navantia e á posibilidade de construción en Ferrol do dique flotante, a través dunha consulta informal a Unión Europea informou que o incremento de capacidade resultante deste investimento público sería considerado como unha axuda estatal e, polo tanto, contrario ás limitacións impostas a España no ano 2005. No lado positivo, en setembro de 2014 a Comisión Europea confirmou o fin do veto da construción civil en Navantia a partir de xaneiro de 2015.

Segundo a información recollida nos comunicados da propia empresa, en xullo de 2016 realizouse a entrega das primeiras cimentacións 'tipo jacket' para o parque eólico mariño de Wikinger, que teñen sido construídas no estaleiro de Fene polo consorcio formado por Navantia e Windar. Derivado do contrato asinado o 18 de decembro de 2014 entre ambas empresas, o proxecto supuxo para a ría de Ferrol unhas 650.000 horas de traballo, que se traduciron na creación duns 2.000 empregos (entre directos e indirectos).

Nese mesmo mes de xullo comezou a construción dos bloques dos 4 petroleiros Suezmax en Ferrol, estimándose para a ría de Ferrol unha carga de traballo para 20 meses, podendo chegar aos 200 empregos nalgúns momentos. A obra a realizar neste estaleiro consiste na construción da Unidade Modular da Proa baixa (80A) e o Módulo do Gardacalor/cheminea (91A) para cada un dos barcos.

No concernente aos indicadores empresariais recollidos por Ardán, o **cadro 2.5.14.** presenta a facturación e o valor engadido do conxunto de empresas da industria naval de Ferrol e a súa área de influencia (sen considerar a industria auxiliar do naval), desagregando o subsector da construción de barcos e estruturas flotantes (CNAE 3011) e o de reparación e mantemento naval (CNAE 3315).

Estas empresas facturaron en 2014 un total de 13,5 millóns de euros, o que representa o 3,6% do total galego, ascendendo o seu valor engadido ata os 8 millóns de euros, o 6,8% do xerado polo sector en Galicia. A facturación das empresas deste sector de actividade na área de Ferrol representa o 0,5% do facturado nos 20 concellos analizados, porcentaxe similar ao da Comunidade Autónoma. Por contra, en termos de valor engadido o naval representa o 2% do xerado no seu territorio fronte ao 0,7% no conxunto da Comunidade Autónoma.

O devandito **cadro 2.5.14.** indica o elevado peso do subsector da construción naval no concello de Cabanas, que acolle máis do 10% do valor engadido por todas as empresas do municipio e un 5,4% da súa facturación. Séguelle o concello de Narón, cun peso relativo do 5,4% e 0,7%, respectivamente, e Ferrol, onde o VEB xerado polo sector naval representa o 1,7% do total das empresas do municipio de Ferrol e o 0,9% dos ingresos de explotación.

• *Industria auxiliar*

Tras o sector naval, a industria auxiliar é o máis representativo do territorio segundo se recolle no **cadro 2.5.9.**, así como o terceiro en canto ás perspectivas de futuro por detrás do naval e o sector enerxético.

Para a análise deste sistema produtivo sectorial considérase que está composto polas seguintes ramas de actividade:

- CNAE 24 Metalurxia: fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroaleacións;
- CNAE 25 Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipo;
- CNAE 26 Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos;

Informe sobre FERROL e a súa área

Actividade empresarial na industria naval 2014

	Facturación	Valor engadido	Peso relativo no territorio	
			Facturación	Valor engadido
	(en €)		(%)	
Total industria naval				
Galicia	370.188.619	118.552.399	0,54	0,73
Área de Ferrol	13.510.171	8.035.688	0,46	1,95
Cabras	1.012.218	742.811	5,36	10,15
Ferrol	1.832.731	1.122.096	0,86	1,72
Narón	10.665.222	6.170.781	0,65	5,40
Área de Ferrol/Galicia	3,6%	6,8%		
Subsector da construción de barcos e estruturas flotantes (CNAE 3011)				
Galicia	220.025.838	55.050.297	0,32	0,34
Área de Ferrol (Ferrol)	1.832.731	1.122.096	0,06	0,27
Ferrol	1.832.731	1.122.096	0,86	1,72
Área de Ferrol/Galicia	0,8%	2,0%		
Subsector da reparación e mantemento naval (CNAE 3315)				
Galicia	145.618.037	62.224.008	0,21	0,38
Área de Ferrol	11.677.440	6.913.592	0,40	1,67
Cabras	1.012.218	742.811	5,36	10,15
Narón	10.665.222	6.170.781	0,65	5,40
Área de Ferrol/Galicia	8,0%	11,1%		

Fonte: Ardán

■ 2.5.14.

- CNAE 27 Fabricación de material e equipo eléctrico;
- CNAE 28 Fabricación de material e equipo n.c.o.p;
- CNAE 4677 Comercio por xunto de chatarra e produtos de desfeito.

As empresas de Ferrol e a súa área de influencia englobadas neste sector facturaron en 2014 entorno aos 1.245 millóns de euros, o que representa case a metade dos ingresos de explotación do sector en Galicia e o 42,4% da facturación empresarial no conxunto dos vinte concellos analizados. Como reflicte o **cadro 2.5.15.**, a principal rama de actividade é a de fundición de aceiro (CNAE 2452), con máis de 1.220 millóns de euros facturados, o que representa o 42,4% dos ingresos de explotación das empresas da área de Ferrol e a totalidade do facturado por esta rama de actividade en Galicia. Atendendo ao seu peso relativo no total galego, cómpre mencionar tamén o subsector de fabricación doutros produtos metálicos n.c.o.p. (CNAE 2599) cuxa facturación ascendeu a 10,3 millóns de euros e

supón o 13,3% do total facturado por esta actividade en Galicia.

O valor engadido bruto xerado polo sector da industria auxiliar ascende en 2014 ata os 13,2 millóns de euros, o 4,3% do total do sector na Comunidade Autónoma, situándose novamente a actividade de fundición de aceiro como a máis importante con 9 millóns de euros, por diante do subsector de fabricación doutros produtos metálicos e o de Enxeñaría mecánica por conta de terceiros (CNAE 2562), con 1,6 e 1,5 millóns de euros, respectivamente.

O devandito **cadro 2.5.15.** indica o elevado peso da industria auxiliar no concello de Narón, ao concentrar tres cuartas partes dos ingresos de explotación das empresas con sede social neste municipio. Esta porcentaxe redúcese ao 9,3% no concello de As Pontes e a 1,2% en Fene. En termos de xeración de valor engadido bruto, a industria auxiliar representa o 9,1% do total xerado polas empresas do municipio de Narón representadas na mostra de Ardán, sendo

Actividade empresarial na industria auxiliar 2014

		Ingresos de explotación		
		Galicia	Área de As Po	
			Total	Narón
			(euros)	
Industria Auxiliar		2.534.143.498	1.245.333.779	1.229.042.000
Fab. produtos básicos de ferro, aceiro e ferroaleacións		8.122.665	238.406	238.406
Fundición de aceiro		1.223.841.286	1.223.841.286	1.223.841.286
Tratamento e revestimento de metais		97.790.852	5.097.879	2.370.978
Enxeñaría mecánica por conta de terceiros		44.723.284	2.298.151	-
Fabricación de pechaduras e ferraxes		46.762.799	305.847	305.847
Fabricación doutros produtos metálicos n.c.o.p.		77.292.568	10.275.451	-
Fab. de motores, xeneradores e transformadores eléctricos		8.961.128	-	-
Comercio por xunto de chatarra e produtos de desecho		175.055.294	3.519.308	2.285.483
Resto actividades		851.593.622	-	-
Producción aluminio		355.892.268	-	-
Forxa, estampación e embutición metais		210.465.859	-	-
Peso relativo no seu territorio (%)		3,7	42,4	75,2
		Valor engadido bruto		
		Galicia	Área de As Po	
			Total	Narón
			(euros)	
Industria Auxiliar		308.749.225	13.177.331	10.439.829
Fab. produtos básicos de ferro, aceiro e ferroaleacións		2.482.218	9.528	9.528
Fundición de aceiro		8.971.256	8.971.256	8.971.256
Tratamento e revestimento de metais		23.403.604	851.222	763.120
Enxeñaría mecánica por conta de terceiros		20.715.485	1.431.274	-
Fabricación de pechaduras e ferraxes		14.505.248	177.129	177.129
Fabricación doutros produtos metálicos n.c.o.p.		28.474.259	1.562.513	-
Fab. de motores, xeneradores e transformadores eléctricos		1.272.720	-	504.670
Comercio por xunto de chatarra e produtos de desecho		20.941.964	679.079	518.796
Resto actividades		187.982.471	-	-
Producción aluminio		59.124.449	-	-
Forxa, estamp. e embutición metais		47.262.249	-	-
Peso relativo no seu territorio (%)		1,9	3,2	9,1

Fonte: Ardán

2.5.15.

esta importancia relativa do 4,5% no concello de As Pontes.

- *Sector enerxético*

Xunto co sector naval e a industria auxiliar, a importancia do sector enerxético en Ferrol e na súa área de influencia é considerable por mor do papel da empresa Endesa, SA, na comarca de Eume.

O negocio principal de Endesa, SA, é a produción, transformación, distribución e comercialización de electricidade. A empresa é tamén un operador relevante no sector do gas natural e desenvolve outros servizos relacionados coa enerxía.

No ano 2013, Endesa, SA, obtivo un benefi-

cio neto de 1.879 millóns de euros e un resultado bruto de explotación de 6.720 millóns, dando emprego directo a 22.995 persoas, das que 11.166 desempeñaron o seu traballo en España e Portugal.

A central de Endesa en As Pontes pode considerarse como o máis importante enclave de xeración eléctrica existente en España, cun total de 2.312,8 megavatios de potencia instalada. A localidade acolle unha central térmica de carbón de 1.400 megavatios, outra de ciclo combinado de gas natural, de 850 megavatios, e dúas centrais hidroeléctricas que suman 62,8 megavatios. A hulla que actualmente consume a central térmica impórtase a través das instalacións propias que Endesa ten no porto de Ferrol, mentres que o subministro

Informe sobre FERROL e a súa área

Ferrol	Fene	Somozas	Ferrol	A.F./Gal.
ntes				(%)
9.900	905.603	-242.549	1.233.825	49,1
-	-	-	-	2,9
-	-	-	-	100,0
5.901	-	-	-	5,2
2.548	905.603	-	0,0	5,1
-	-	-	-	0,7
5.451	-	-	0,0	13,3
-	-	-242.549	-	-2,7
-	-	-	1.233.825,0	2,0

3	1,2	-0,9	0,6
---	-----	------	-----

Ferrol	Fene	Somozas	Ferrol	A.F./Gal.
ntes				(%)
7.753	471.136	-504.670	160.283	4,3
-	-	-	-	0,4
-	-	-	-	100,0
3.102	-	-	-	3,6
0.138	471.136	-	-	6,9
-	-	-	-	1,2
2.513	-	-	-	5,5
-	-	-504.670	-	-39,7
-	-	-	160.283,0	3,2

5	2,2	-4,3	0,2
---	-----	------	-----

O xacemento mineiro foi a maior mina de lignito a ceo aberto de España e no seu período de explotación, dende 1976 a 2007, chegou a contar cunha plantilla superior a 1.700 persoas.

O peche da mina acompañouse cun Plan de desenvolvemento local que, a través da colaboración público-privada cun investimento cifrado en torno aos 250 millóns de euros, estímase que favoreceu a creación de 1.200 empregos na zona.

Os labores mineiros deixaron un oco de 17,8 km de perímetro e de 205 metros de profundidade, que na actualidade é ocupado por un lago. En xaneiro de 2008 iniciáronse as traballos de restauración da zona e a mediados do ano 2012 culminouse a rehabilitación medioambiental da mina de As Pontes, co enchido do lago e a restauración da escombreira. A lámina de auga ocupa 865 hectáreas, cunha lonxitude de 5 km e cunha anchura de 2,2 km.

Na actualidade o lago acumula 547 hectómetros cúbicos de auga, tras máis de catro anos de captación de augas procedentes de ríos da zona, da escorrentía da escombreira e da propia choiva.

Ao lado da mina érguese a escombreira, unha montaña formada con 720 millóns de metros cúbicos de material estéril. Actualmente a escombreira ten 1.200 hectáreas e sobre ela aséntanse 600.000 árbores, pastos e monte baixo.

No que respecta á actividade do resto do sector enerxético en Ferrol e a súa área de influencia, **cadro 2.5.17.**, os datos de Ardán reflicten unha importancia similar en comparación co peso que ten no conxunto do tecido empresarial galego en termos de ingresos de explotación e lixeiramente superior no caso do valor engadido bruto xerado. Dunha banda, a facturación total das empresas consideradas nesta rama de acti-

de gas chega por gasoduto dende a regasificadora de Mugardos.

Dos 73.061 GWh que se xeraron no ano 2015 nas centrais do grupo Endesa de España e Portugal, 7.939,3 GWh pertencen á central de As Pontes, o que supón o 11,1% da xeración total da empresa (España e Portugal). O 97,8% do total de enerxía xerada en As Pontes corresponde á central de carbón, e só o 2,2% restante (179,4 GWh) corresponde á central de ciclo combinado.

Tal como se mostra no **cadro 2.5.16.**, no ano 2015 a central de As Pontes dá emprego directo a 231 persoas. A finalización da explotación do xacemento mineiro a partir do ano 2008 supuxo a redución a menos da metade da plantilla da central.

Principais magnitudes de Endesa en As Pontes 2007-15

		2007	2009	2011	2013	2014	2015
Producción mineira (Mina As Pontes)	(Tn)	2.286.336		(1)			
Xeración de enerxía							
central de carbón	(MWhn)	9.154.575	5.549.802	7.030.040	7.036.242	7.302.083	7.939.313
ciclo combinado de gas	(Mwh)	(2)	1.736.233	422.435	251.292	323.891	179.393
Importacións de carbón de Endesa con destino á central das Pontes	(Tn)	2.996.901	3.340.204	3.560.247	3.373.513	3.935.318	4.055.202
Recursos humanos							
central de carbón		272	278	246	202	190	175
ciclo combinado de gas	(2)		39	40	32	32	33
terminal Porto Ferrol (ciclo combinado de gas)		13	20	21	21	22	21
centro mineiro das Pontes		270	173	55	5	3	2

(1) finalización do xacemento mineiro en 2007 e construción dun lago nos 4 anos seguintes

(2) en construción

Fonte: ENDESA

2.5.16.

Sistema produtivo do sector enerxético (electricidade, enerxía e auga) 2014

		Ferrol e a súa área de influencia		Galicia		Área de Ferrol / Galicia	
		facturación	valor engadido	facturación	valor engadido	facturación	valor engadido
		(en €)				(%)	
Sector da enerxía		74.581.149	13.292.254	1.803.819.961	448.093.593	4,1	3,0
Distribución de enerxía eléctrica	(CNAE 3513)	1.978.818	785.944	80.119.394	49.738.445	2,5	1,6
Producción de enerxía hidroeléctrica	(CNAE 3515)	752.097	237.635	45.959.834	32.827.017	1,6	0,7
Producción de enerxía eléctrica de orixe eólico	(CNAE 3518)	1.585.575	938.068	251.784.627	126.740.329	0,6	0,7
Producción de enerxía eléctrica doutros tipos	(CNAE 3519)	1.144.719	588.863	128.555.014	34.546.735	0,9	1,7
Captación, depuración e distribución de auga	(CNAE 3600)	2.682.860	1.259.103	56.641.628	33.133.629	4,7	3,8
Recollida de residuos non perigosos	(CNAE 3811)	2.318.271	882.737	138.135.595	26.903.919	1,7	3,3
Tratamento e eliminación de residuos perigosos	(CNAE 3822)	6.539.332	3.802.042	6.539.332	3.802.042	100,0	100,0
Valorización de materiais xa clasificados	(CNAE 3822)	1.469.333	560.544	27.367.053	2.442.005	5,4	23,0
Comercio polo miúdo de combustible para a automoción	(CNAE 4730)	56.110.144	4.237.318	810.053.486	69.859.609	6,9	6,1
Resto de actividades				258.663.998	68.099.863		
Producción enerxía eléctrica de orixe térmico convencional	(CNAE 3516)			21.237.759	4.728.169		
Distribución por tubería de combustíbles gaseosos	(CNAE 3522)			50.208.000	34.969.000		
Tratamento e eliminación de residuos non perigosos	(CNAE 3821)			22.962.929	10.640.973		
Comercio por xunto combustíbles sólidos, líquidos e gaseosos	(CNAE 4671)			121.208.111	5.706.524		
Peso relativo no seu territorio (%)		2,5%	3,2%	2,6%	2,8%		

Fonte: Ardán


2.5.17.

vidade ascendeu no ano 2014 a 74,6 millóns de euros, o que representa o 2,5% do total facturado polo tecido empresarial de Ferrol e a súa área de influencia e o 4,1% do facturado polo sector en Galicia. Doutra banda, o valor engadido bruto xerado polo sector representa o 3,2% do veb xerado nas comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal (13,3 millóns de euros), catro décimas superior ao rexistrado no conxunto de Galicia (2,8%).

As empresas enerxéticas analizadas por Ardán con sede social no concello de Ortigueira son as que xeran maiores ingresos de

explotación e maior valor engadido, concentrando o 27,2% da facturación do sector na área e o 17,1% do VEB. Séguenlle en importancia As Somozas, que acolle o 13,4% dos ingresos de explotación e o 38,6% do VEB, e Pontedeume, co 13% da facturación (4,1% do valor engadido). Asemade, ademais do impacto da planta de Endesa en As Pontes, cómpre salientar a elevada importancia relativa do sector nos concellos de Ortigueira e A Capela, onde máis da metade dos ingresos de explotación xerados polo seu tecido produtivo concéntrase nestas ramas de actividade. En termos de valor en-

Tráfico de mercadorías no porto de Ferrol-San Cibrao 2008-15 ⁽¹⁾



(1) incluído tráfico interior, avituallamento e pesca fresca; en Tm
 Fonte: Puertos del Estado e Autoridade Portuaria Ferrol-San Cibrao

2.5.18.

gadido bruto sobresaen As Somozas e A Capela, cunha porcentaxe superior ao 42%.

Atendendo á desagregación dos principais subsectores, cómpre salientar, en termos absolutos, a actividade de "Comercio polo miúdo de combustible para a automoción" (CNAE 4730), con 56,1 millóns de euros, seguido do da "recollida de residuos non perigosos" (CNAE 3811) con 6,5 millóns de euros. En termos relativos, o subsector de comercio polo miúdo de combustible para a automoción factura en Ferrol e a súa área de influencia case o 7% do total galego, e no caso da recollida de residuos non perigosos, o 100%.

d) Sectores máis importantes en termos de xeración do VEB: loxística e construción

Segundo os datos facilitados por Ardán, a actividade da loxística e transporte e o sector da construción son os dous sistemas produtivos que xeran máis valor engadido na área de influencia de Ferrol. Dunha banda, a loxística acolle case o 20% do VEB xerado no territorio analizado, e doutra, a construción representa o 15,3%.

• Loxística e transporte

O sector loxístico está composto por un conxunto heteroxéneo de actividades que van dende as actividades de transporte, almacenamento e distribución ata os servizos de apoio, entre os que se atopan os estibadores, transitarios, consignatarios, etc.

Á hora de analizar este sector, en primeiro lugar presentaranse os principais datos do movemento de mercadorías, principalmente a través do porto de Ferrol-San Cibrao, para a continuación analizar a situación económica do sector atendendo aos datos sobre facturación empresarial e valor engadido recollidos no Ardán.

O tráfico total de mercadorías no porto de Ferrol-San Cibrao descendeu no ano 2015 un 2,4% en relación ao ano anterior, resultado dunha caída do 1,1% das mercadorías desembarcadas e de 7,8% do volume de mercadorías embarcadas. Como se aprecia no **cadro 2.5.18.**, no último ano movéronse un total de 12,8 millóns de toneladas, das que 10,5 millóns corresponden a mercadorías desembarcadas (81,9%) e as res-

Tráfico terrestre no porto de Ferrol-San Cibrao 2008-15: medio de transporte utilizado para entrada/saída da zona de servizo do peirao

	Mercadorías cargadas							
	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015
	(Tm)							
Transporte terrestre	1.825.342	1.437.145	1.825.841	1.044.370	940.558	4.920.386	807.355	695.074
Ferrocarril	-	-	-	-	-	1.163.434	-	-
Estrada	1.825.342	1.437.145	570.944	650.536	791.275	1.163.434	807.355	689.198
Tubería	-	-	250.152	393.834	149.283	902.855	-	5.876
Outros medios	-	-	1.004.745	-	-	1.690.663	-	-
Sen transporte terrestre	-	241.588	174.274	1.140.464	1.095.790	27.870	1.658.732	1.594.520
Total	1.825.342	1.678.733	2.000.115	2.184.834	2.036.348	4.948.256	2.466.087	2.289.594

	Mercadorías descargadas							
	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015
	(Tm)							
Transporte terrestre	10.976.695	10.095.634	8.521.140	5.736.307	7.390.720	19.565.267	5.486.560	6.260.039
Ferrocarril	-	13.894	-	-	-	5.297.886	-	-
Estrada	9.985.773	8.985.649	3.129.511	4.183.044	6.008.957	4.349.421	4.768.776	5.800.678
Tubería	990.922	1.096.091	1.683.928	1.553.263	1.381.763	5.051.585	717.784	459.361
Outros medios	-	-	3.707.701	-	-	4.866.375	-	-
Sen transporte terrestre	-	420.355	170.800	4.094.223	4.135.787	296	5.100.458	6.499.486
Total	10.976.695	10.515.989	8.691.940	9.830.530	11.526.507	19.565.563	10.587.018	12.759.525

Fonte: Puertos del Estado e Autoridade Portuaria Ferrol-San Cibrao

2.5.19.

tantes 2,3 millóns de toneladas (18,1%). O medio de transporte utilizado para entrada e saída da zona de servizo do peirao é basicamente a estrada, sendo utilizado para o 30% das mercadorías embarcadas e para o 45% das mercadorías desembarcadas. Salientar que o 70% das mercadorías embarcadas non utilizan transporte terrestre (**cadro 2.5.19.**).

No concernente ao tipo de mercadorías movidas, a Autoridade Portuaria de Ferrol-San Cibrao caracterízase polo seu tráfico de graneis sólidos, que representan o 77,2% do total movido no porto en 2015; seguido polos graneis líquidos, 17,1%; e o grupo de mercadorías xerais, co 5,7%. No que se refire aos graneis sólidos, salienta de xeito moi significativo os desembarcos de bauxita e carbón, que no último ano representan case o 65% dos movementos de mercadorías realizadas nos dous portos. No que respecta á evolución dende o ano 2008, o **cadro 2.5.20.** reflicte que no último ano o tráfico de mercadorías é lixeiramente inferior ao de 2008 por mor do descenso rexistrado no caso da mercadoría xeral e dos graneis líquidos.

Por contra, tras os incrementos rexistrados nos dous últimos anos, o carbón e a bauxita aumentaron un 9,4% e 10,1% en relación ao ano 2008, respectivamente.


Tras un descenso de case o 19% no movemento de mercadorías xerais no porto de Ferrol-San Cibrao, o seu peso relativo no conxunto de mercadorías movidas no porto sitúase representan lixeiramente por baixo do 6% do total. Como se reflicte nos **cadros 2.5.22.** e **2.5.23.**, destacan polo seu volume o tráfico de aceiro, que concentra case o 40% do volume total de movementos de mercadorías xerais, seguido da madeira (21,8%) e dos aeroxeradores (14,4%).

No que respecta ao tráfico de mercadorías xerais no porto de Cariño, destacan as saídas de mineral de dunita procedente da mina de Landoi (93% do total deste porto), que ten por destino principal a industria siderúrxica, seguidas polas saídas de cuarzo, co restante 7% (**cadro 2.5.24.**).

No que atinxe aos datos de facturación e valor engadido das empresas de loxística, o

Informe sobre FERROL e a súa área

Movemento de mercadorías na Autoridade Portuaria de Ferrol- San Cibrao 2008-15



Fonte: Puertos del Estado e Autoridade Portuaria Ferrol-San Cibrao

2.5.20.

Tráfico de mercadorías no porto de Ferrol-San Cibrao 2008-15

	FERROL-SAN CIBRAO							
	2008		2011		2014		2015	
	embarc.	desembarc.	embarc.	desembarc.	embarc.	desembarc.	embarc.	desembarc.
Graneis líquidos	24.431	2.173.347	456.418	2.208.680	517.428	2.139.671	383.908	1.789.144
Aceites	-	14.535	15.056	-	-	7.137	3.000	79.873
Biodiesel	-	11.571	46.446	36.962	4.152	-	54.853	-
Fuel Oil	-	474.839	108.049	415.928	-	392.311	308.959	366.027
Gas natural	-	1.414.303	251.516	1.494.868	455.329	1.381.213	3.774	1.084.119
Gas Oil	23.925	60.283	-	14.995	278	66.218	-	16.060
Metanol	506	23.585	33.199	59.147	47.686	89.949	7.826	42.085
Sosa cáustica	-	174.231	-	186.780	-	192.856	-	200.980
Outros	-	-	2.152	-	9.983	9.987	5.496	-
Graneis sólidos	1.300.762	8.480.327	1.170.005	7.515.743	1.135.102	8.363.514	1.226.056	8.577.486
Alúmina	1.095.001	-	1.081.649	-	1.095.327	-	1.095.327	-
Bauxita	-	3.671.172	-	3.423.415	-	3.882.898	-	4.042.582
Carbón	-	3.805.024	-	3.557.068	-	3.936.464	-	4.161.409
Cemento e Clinker	3.958	433.443	-	5.946	-	9.421	-	3.805
Chatarra	-	461.461	-	411.890	-	349.632	4.300	241.521
Coque	506	81.395	-	89.305	-	140.170	-	97.882
Magnesita	22.184	-	19.404	-	19.780	-	21.150	-
Materiais de construción	5.151	-	-	-	-	-	1.025	650
Outras mercadorías	-	2.000	-	-	2.468	10.029	82.936	287
Pedra e Grava	173.962	-	68.952	3.723	-	-	-	-
Urea	-	25.832	-	24.396	-	12.918	-	15.148
Escorias	-	-	-	-	4.046	-	-	-
Abonos	-	-	-	-	-	21.982	-	14.202
Astilla e desperdicios de madeira	-	-	-	-	13.481	-	21.318	-
Total graneis	1.325.193	10.653.674	1.626.423	9.724.423	1.652.530	10.503.185	1.609.964	10.366.630
Total mercadorías xerais	497.078	323.021	581.227	106.107	813.557	81.588	644.947	80.219
Total mercadorías	1.822.271	10.976.695	2.207.650	9.830.530	2.466.087	10.584.773	2.254.911	10.446.849

Fonte: Puertos del Estado e Autoridade Portuaria Ferrol-San Cibrao

2.5.21.

Tráfico de mercadorías xerais no porto de Ferrol-San Cibrao 2008-15

	Mercadorías embarcadas							
	2008	2009	2010 (Tm)	2011	2012	2013	2014	2015
Total mercadoría xeral	497.078	306.624	409.552	581.227	796.791	890.857	810.557	644.946
Madeira	118.013	24.687	61.419	63.093	184.055	278.481	231.730	137.904
Taboleiro	39.303	15.321	17.532	19.972	9.070	22	2.443	-
Papel	2.227	43	47	-	-	-	-	3
Chapa naval	348	-	-	-	-	-	-	-
Aceiro	167.256	147.419	143.557	353.742	401.014	386.375	401.459	282.059
Materias de construción	643	1.184	1	88	-	6.394	5.018	1.025
Outros materias de construción	10.822	7.182	9.352	15.684	14.179	18.633	25.149	27.544
Aluminio	25.285	6.276	2.013	10.921	36.194	50.711	39.114	49.008
Maquinaria	716	2.923	854	28	587	2.371	3.479	9.879
Contedores	-	534	544	790	1.312	1.374	1.201	839
Outras mercadorías	582	1.792	1.892	15.572	6.020	5.766	2.615	33.934
Palanquilla	-	-	73.672	-	8.452	27.810	-	-
Aeroxeradores	131.883	99.263	98.669	101.337	135.908	112.920	98.349	102.751
Total cargas (1)	1.822.271	1.678.134	1.989.505	2.207.650	2.163.091	2.577.007	2.446.087	2.289.592
	Mercadorías desembarcadas							
	2008	2009	2010 (Tm)	2011	2012	2013	2014	2015
Total mercadoría xeral	323.021	255.930	219.023	106.107	99.000	90.839	81.588	80.017
Madeira	34.421	32.373	41.656	22.785	23.997	38.516	24.592	19.902
Taboleiro	5.341	3.670	4.190	3.310	2.037	1.211	1.536	1.418
Papel	242.183	190.038	153.759	72.532	56.361	41.712	48.719	45.431
Chapa naval	20	7.534	-	-	1.434	-	1.000	-
Aceiro	3.235	110	277	1.027	69	13	-	6.399
Materias de construción	-	-	-	-	3.789	8	33	650
Outros materias de construción	567	-	-	-	-	-	-	-
Aluminio	-	-	-	-	1.086	-	-	287
Maquinaria	1.222	1.314	6.031	1.206	636	997	867	726
Contedores	-	268	342	294	488	472	326	588
Outras mercadorías	2.111	4.751	6.113	4.266	6.531	3.916	3.305	2.644
Palanquilla	30.454	12.912	6.532	-	-	3.994	-	-
Aeroxeradores	3.467	2.960	123	687	2.572	-	1.210	1.972
Total cargas (1)	10.976.695	10.515.089	8.654.622	9.830.530	11.531.703	9.917.960	10.584.773	10.466.607
	Total							
	2008	2009	2010 (Tm)	2011	2012	2013	2014	2015
Total mercadoría xeral	820.099	562.554	628.575	687.334	895.791	981.696	892.145	724.963
Madeira	152.434	57.060	103.075	85.878	208.052	316.997	256.322	157.806
Taboleiro	44.644	18.991	21.722	23.282	11.107	1.233	3.979	1.418
Papel	244.410	190.081	153.806	72.532	56.361	41.712	48.719	45.434
Chapa naval	368	7.534	-	-	1.434	-	1.000	-
Aceiro	170.491	147.529	143.834	354.769	401.083	386.388	401.459	288.458
Materias de construción	643	1.184	1	88	3.789	6.402	5.051	1.675
Outros materias de construción	11.389	7.182	9.352	15.684	14.179	18.633	25.149	27.544
Aluminio	25.285	6.276	2.013	10.921	37.280	50.711	39.114	49.295
Maquinaria	1.938	4.237	6.885	1.234	1.223	3.368	4.346	10.605
Contedores	-	802	886	1.084	1.800	1.846	1.527	1.427
Outras mercadorías	2.693	6.543	8.005	19.838	12.551	9.682	5.920	36.578
Palanquilla	30.454	12.912	80.204	-	8.452	31.804	-	-
Aeroxeradores	135.350	102.223	98.792	102.024	138.480	112.920	99.559	104.723
Total cargas (1)	12.798.966	12.193.223	10.644.127	12.038.180	13.694.794	12.494.967	13.030.860	12.756.199


(1) graneis líquidos, sólidos e mercadoría xeral

Fuente: Puertos del Estado e Autoridade Portuaria Ferrol-San Cibrao

2.5.22.

Informe sobre FERROL e a súa área

Tráfico de mercadoría xeral no porto de Ferrol-San Cibrao 2008 e 2015: distribución segundo grupo de mercadorías



Fonte: Puertos del Estado e Autoridade Portuaria Ferrol-San Cibrao

2.5.23.

cadro 2.5.25. reflicte a maior importancia relativa do sector en Ferrol e a súa área de influencia que en Galicia. Neste senso, mentres que no conxunto dos 20 concellos analizados estas empresas facturan o 5,9% do total das empresas con sede nestes concellos e xeran o 19,7% do valor engadido, na Comunidade Autónoma estas porcentaxes sitúanse no 4,4% e no 6,7%, respectivamente. Asemade, cómpre salientar que o sector loxístico de Ferrol e a súa área acolle case o 6% do facturado polo sector na C.A. e o 7,4% do valor engadido xerado, porcentaxes superiores ás correspondentes ao peso da actividade económica de Ferrolterra

no conxunto da economía galega (4,3% e 2,5%, respectivamente).

Atendendo ás distintas actividades consideradas, cómpre destacar a importancia das empresas de transporte de mercadorías por estrada, que acollen o 46,4% da facturación empresarial do sector loxístico, seguido polas actividades anexas ao transporte terrestre, co 32,5% dos ingresos de explotación, e o transporte marítimo e por vías navegables interiores, co 5,5%. No conxunto de Galicia, os transportes de mercadorías por estrada representan unha porcentaxe inferior sobre o total de factura-

Tráfico de mercadorías no porto de Cariño 2008-15

Mercadorías embarcadas								
	2008	2009	2010 (Tm)	2011	2012	2013	2014	2015
Total mercadorías	747.732	381.652	504.265	558.172	549.727	551.209	447.890	495.809
Dunita	747.732	350.219	402.312	404.088	437.996	418.112	359.621	461.129
Peixe conxelado	-	-	-	-	-	-	-	-
Madeira en bruto	-	31.433	101.953	154.084	111.731	86.453	62.647	-
Maquinaria	-	-	-	-	-	-	-	-
Cuarzo	-	-	-	-	-	46.644	25.622	34.680
Taboleiros	-	-	-	-	-	-	-	-

Mercadorías desembarcadas								
	2008	2009	2010 (Tm)	2011	2012	2013	2014	2015
Total mercadorías	12	12	2.906	-	3.696	653	-	-
Dunita	-	-	-	-	-	-	-	-
Peixe conxelado	12	12	-	-	-	-	-	-
Madeira en bruto	-	-	2.701	-	3.696	-	-	-
Maquinaria	-	-	205	-	-	-	-	-
Cuarzo	-	-	-	-	-	-	-	-
Taboleiros	-	-	-	-	-	653	-	-

Total								
	2008	2009	2010 (Tm)	2011	2012	2013	2014	2015
Total mercadorías	747.744	381.664	507.171	558.172	553.424	551.209	447.890	495.809
Dunita	747.732	350.219	402.312	404.088	437.996	418.112	359.621	461.129
Peixe conxelado	12	12	-	-	-	-	-	-
Madeira en bruto	-	31.433	104.654	154.084	115.428	86.453	62.647	-
Maquinaria	-	-	205	-	-	-	-	-
Cuarzo	-	-	-	-	-	46.644	25.622	34.680
Taboleiros	-	-	-	-	-	653	-	-

Fonte: Portos de Galicia

2.5.24.

Sistema produtivo do sector loxístico 2014

	Ferrol e a súa área de influencia		Galicia		Área de Ferrol / Galicia	
	facturación	valor engadido	facturación	valor engadido	facturación	valor engadido
	(en €)		(en €)		(%)	
Sector loxístico	174.526.239	81.388.040	3.000.077.960	1.093.757.319	5,8	7,4
Transporte mercadorías por estrada	80.906.407	13.477.032	929.317.525	241.666.285	8,7	5,6
Actividades anexas ao transporte	66.840.922	53.345.316	1.081.953.097	304.914.275	6,2	17,5
Transporte terrestre	57.179.501	48.986.865	376.458.922	211.941.670	15,2	23,1
Transporte marítimo e por vías navegables interiores	9.661.421	4.358.451	179.105.498	59.364.508	5,4	7,3
Transporte aéreo	-	-	9.776.000	2.254.000	-	-
Outras actividades anexas ao transporte	-	-	516.612.677	31.354.097	-	-
Outros tipos de transporte terrestre de pasaxeiros	13.476.189	6.851.301	90.068.588	40.545.430	15,0	16,9
Transporte terrestre urbano y suburbano de pasaxeiros	5.633.843	3.142.886	282.795.388	147.466.195	2,0	2,1
Aluguer de medios de navegación	2.840.847	1.983.075	3.751.785	2.379.019	75,7	83,4
Manipulación de mercadorías	2.127.602	718.471	94.549.588	43.165.976	2,3	1,7
Transporte marítimo de mercadorías	1.390.609	922.023	51.036.702	21.968.309	2,7	4,2
Transporte mercadorías por vías navegables interiores	1.167.903	843.917	5.153.101	1.906.391	22,7	44,3
Servizos de mudanza	141.917	104.019	1.929.338	989.258	7,4	10,5
Depósito e almacenamento	-	-	437.743.753	282.545.163	-	-
Outras actividades postais e de correos	-	-	13.493.136	2.115.944	-	-
Transporte marítimo de pasaxeiros	-	-	4.782.929	2.375.509	-	-
Transporte pasaxeiros vías navegables	-	-	1.889.795	1.040.926	-	-
Transporte aéreo pasaxeiros	-	-	1.613.235	678.639	-	-
Porcentaxe sobre o seu territorio	5,9%	19,7%	4,4%	6,7%		

Fonte: Ardán

2.5.25.

ción do sector, co 31%, en tanto que as empresas de “almacéns de depósitos especiais” e os servizos anexos de transporte terrestre supoñen o 14,6% e o 12,5%, respectivamente.

En termos de valor engadido, as actividades máis importantes en Ferrol e a súa área de influencia son as das actividades anexas ao transporte terrestre e o transporte de mercadorías por estrada, co 60,2% e 16,6%, respectivamente, mentres que en Galicia salientan as de almacéns de depósito especiais, co 25,9% do VEB do territorio analizado, e transporte de mercadorías por estrada, co 22,1%.

• Construción

A crise económica que afecta con gran intensidade á Ferrol e a súa área de influencia, xunto co elevado stock de vivendas existentes, condiciona a evolución e futuro do sector da construción nesta área.

En primeiro lugar preséntanse os principais datos da oferta e demanda de vivendas, para pasar posteriormente a analizar o peso do sector atendendo á facturación e ao valor engadido das empresas analizadas por Ardán.

No que atinxe aos datos de obras realizadas, no ano 2014 (último dato dispoñible) nos concellos das comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal, construíronse 54 edificios de nova planta, situándose o número de vivendas en 75. Sobre edificacións xa existentes, as licenzas concedidas con anterioridade permitiron 100 obras de rehabilitación de edificios e 21 para obras de demolicións de edificios. En relación ao parque de vivendas a área de influencia de Ferrol, presenta unha variación neta positiva de 64 vivendas, consecuencia da construción de 75 vivendas de nova planta, da rehabilitación de 13 e da demolición de 24 vivendas en Ferrol e na súa área de influencia.

No que atinxe á evolución das licenzas concedidas ao longo dos últimos anos, no **cadro 2.5.27**, obsérvase un primeiro cambio de tendencia no ano 2005, que se acentúa a partir do ano 2008, pasando de 637 licenzas para a construción e rehabilitación de edificios no ano 2006 a tan só 211 licenzas concedidas no ano 2014.

Esta forte redución na concesión de licenzas en Ferrol e na súa área de influencia é consecuencia tanto da redución na construción de edificios de nova planta como do descenso das licenzas para rehabilitación de edificios.

Ao longo dos últimos anos o descenso do número de edificios en Ferrol e a súa área de influencia é superior ao do conxunto de Galicia. O descenso acumulado nas licenzas de obras de edificación dende o ano 2008 na área de Ferrol é do 25% fronte ao 23,1% de descenso acumulado medio en Galicia.

No que á variación neta do parque de vivendas se refire, entendida como a suma entre as vivendas de obra nova e en rehabilitación menos as vivendas en demolición, tras seis anos consecutivos de baixada esta rexistrou un lixeiro aumento no ano 2014, cunha variación neta de 64 vivendas, que representa o 5,2% do total de Galicia. Atendendo á súa evolución ao longo dos últimos anos, o **cadro 2.5.28**, amosa a desaceleración experimentada dende o ano 2005, así como a perda de peso relativo no total de Galicia, pasando de rexistrarse en Ferrol e na súa área de influencia o 9,4% da variación neta total de vivendas galegas no ano 2005 ata o xa citado 5,2% no ano 2014, cifra similar á rexistrada no ano 2008 (5,4%).

Respecto ao volume de transaccións de vivendas realizadas ao longo dos período 2004-2015 na área de Ferrol, despois da medra experimentada ata o ano 2007, estas manteñen unha tendencia descendente tanto en Galicia como no conxunto dos concellos analizados. No ano 2015 realizáronse


Edificios e vivendas 2014: número e superficie segundo tipo de obra

	Nova planta			Obras de rehabilitación		Obras de demolición		Variación neta do parque de vivendas
	edificios	superficie (m ²)	vivendas	edificios	vivendas	Edificios	Vivendas	
Galicia	1.286	654.022	1.166	1.207	295	150	226	1.235
A Coruña	457	295.120	629	404	84	58	91	622
Lugo	327	139.257	113	243	74	39	47	140
Ourense	157	59.472	122	193	54	11	29	147
Pontevedra	345	160.173	302	367	83	42	59	326
Ferrol e a súa área	54	53.088	75	100	13	21	24	64
Ares	1	163	1	3	-	1	-	1
Cabanas	-	-	-	1	-	-	-	-
A Capela	1	390	-	-	-	-	-	-
Cariño	1	5.354	34	-	-	2	3	31
Cedeira	3	267	1	7	-	-	-	1
Cerdido	-	-	-	1	-	-	-	-
Fene	9	6.122	8	13	-	1	-	8
Ferrol	7	6.890	4	37	4	9	11	3
Mañón	1	182	1	4	-	-	-	1
Moeche	1	111	1	1	-	-	-	1
Monfero	4	817	-	2	-	-	-	-
Mugardos	5	1.400	11	6	2	4	3	10
Narón	12	28.728	9	5	1	3	3	7
Neda	-	-	-	-	-	-	-	-
Ortigueira	2	307	1	8	-	1	1	-
Pontedeume	1	37	-	6	2	-	-	2
As Pontes de García Rodríguez	4	1.035	3	3	1	-	3	1
San Sadurniño	1	290	1	-	-	-	-	1
As Somozas	-	-	-	-	-	-	-	-
Valdoviño	1	995	-	3	3	-	-	3

Fonte: IGE, Construcción e vivenda

2.5.26.

Licenzas de obra 2001-14: distribución segundo tipo de obra




(1) no total se inclúen as licenzas para demolicións
Fonte: IGE, Construcción e vivenda

2.5.27.

Informe sobre FERROL e a súa área


Parque de vivendas 2000-14: variación neta



Fonte: IGE, Construcción e vivenda

2.5.28.

Transaccións de vivendas 2004-15



Fonte: IGE, Construcción e vivenda

2.5.29.

na área de influencia de Ferrol un total de 965 transaccións, cifra tan só superior á rexistrada en 2013, das que o 72,6% corresponde a vivendas de segunda man (79,9% no conxunto de Galicia), situándose esta porcentaxe en torno ao 96,5% no caso das vivendas libres tanto na devandita área de Ferrol como en Galicia.

En comparación co acontecido na Comunidade Autónoma, o **cadro 2.5.29.** reflicte que o peso relativo das transaccións de vivendas na área de Ferrol aumenta no último ano ata o 9,1%, cifra tan só por baixo da rexistrada no ano 2004, cando se supera o 10%.

Transaccións de vivendas 2015: distribución segundo réxime e tipo de vivenda

	Réxime		Tipo	
	Vivenda libre	Vivenda protexida	Vivenda nova	Vivenda de 2ª man
Galicia	10.222	366	2.127	8.461
A Coruña	4.398	173	941	3.630
Lugo	1.768	64	552	1.280
Ourense	1.010	25	134	901
Pontevedra	3.046	104	500	2.650
Ferrol e a súa área de influencia	929	35	264	700
Cabanas	10	-	-	10
Capela, A	1	-	-	1
Monfero	4	-	-	4
Pontedeume	28	2	1	29
Pontes de García Rodríguez, As	31	-	2	29
Ares	42	-	7	35
Cedeira	46	-	1	45
Fene	41	2	9	34
Ferrol	273	22	24	271
Moeche	1	-	-	1
Mugardos	18	-	2	16
Narón	316	9	201	124
Neda	21	-	10	11
San Sadurniño	7	-	-	7
Somozas, As	1	-	-	1
Valdovino	25	-	1	24
Cariño	13	-	-	13
Cerdido	4	-	-	4
Mañón	6	-	2	4
Ortigueira	41	-	4	37

Fonte: IGE, Construcción e vivenda

2.5.30.

Tal e como indican os datos publicados polo IGE na súa análise do prezo da vivenda libre nos concellos cunha poboación superior aos 25.000 habitantes, este descende tanto en Galicia como nos concellos de Ferrol e Narón, os únicos da área analizada que superan os devanditos 25.000 habitantes. No ano 2015 o prezo da vivenda libre se sitúa en Narón e Ferrol nos 763,6 e 710,5 euros por metro cadrado fronte aos 1.557,1 euros metro cadrado de Galicia e os 1.195,1 euros do conxunto da provincia de A Coruña. O descenso acumulado dende o ano 2008 nos dous concellos da área de Ferrol é moi superior tanto ao rexistrado en Galicia como na provincia de A Coruña, situándose no -7,3% no concello de Ferrol e -6,4% en Narón fronte á caída media en Galicia do -3,9% e do -3,7% na provincia de A Coruña.

Finalmente, no que á actividade empresarial

se refire, o **cadro 2.5.31.** reflicte a súa menor importancia en comparación co peso que ten no conxunto do tecido empresarial galego en termos de ingresos de explotación. A facturación total das empresas consideradas no sector da construción ascendeu no ano 2014 a 196,5 millóns de euros, o que representa o 6,7% do total facturado polo tecido empresarial de Ferrol e a súa área de influencia e o 3,5% do facturado polo sector en Galicia. Por contra, o valor engadido bruto xerado polo sector representa o 15,3% do VEB xerado na área de Ferrol, porcentaxe sensiblemente superior ao rexistrado no conxunto de Galicia (8,8%).

As empresas construtoras con sede social no concello de Narón son as que xeran maiores ingresos de explotación e maior valor engadido, concentrando o 42,3% da facturación do sector na área e o 36,7% do VEB. Séguenlle en importancia Fene, que acolle o

Informe sobre FERROL e a súa área

Sistema produtivo do sector da construción 2014

	Ferrol e a súa área de influencia		Galicia		Área de Ferrol / Galicia	
	facturación	valor engadido	facturación	valor engadido	facturación	valor engadido
	(en €)				(%)	
Sector da construción	196.538.571	63.320.697	5.546.287.100	1.428.102.608	3,5	4,4
Fabricación de produtos de plástico para a construción (CNAE 2223)	2.401.520	936.294	55.584.289	10.429.593	4,3	9,0
Manipulado e transformación de vidro plano (CNAE 2312)	29.085	559	40.386.611	8.049.578	0,1	0,0
Fabricación de azulexos e baldosas de cerámica (CNAE 2331)	109.001	34.261	1.017.624	191.226	10,7	17,9
Fabricación de formigón fresco (CNAE 2363)	2.649.252	1.238.504	101.661.233	9.149.556	2,6	13,5
Fabricación de estruturas metálicas e os seus componentes (CNAE 2511)	49.653.484	12.070.048	323.302.483	96.244.202	15,4	12,5
Fabricación de carpintería metálica (CNAE 2512)	11.780.971	4.025.663	306.471.992	112.991.545	3,8	3,6
Promoción inmobiliaria (CNAE 4110)	11.989.651	2.579.009	141.525.747	7.280.157	8,5	35,4
Construción de edificios residenciais (CNAE 4121)	30.442.152	8.717.900	1.347.287.199	286.031.457	2,3	3,0
Construción de edificios non residenciais (CNAE 4122)	954.804	576.476	219.432.843	65.928.860	0,4	0,9
Construción de estradas e autoestradas (CNAE 4211)	1.588.893	602.925	284.841.649	57.780.945	0,6	1,0
Obras hidráulicas (CNAE 4291)	16.444.968	11.223.485	54.071.091	28.012.062	30,4	40,1
Construción doutros proxectos de enxeñaría civil n.c.o.p. (CNAE 4299)	7.764.464	1.926.284	380.934.747	103.750.439	2,0	1,9
Preparación terreos (CNAE 4312)	3.975.268	1.666.006	62.995.861	23.598.371	6,3	7,1
Instalacións eléctricas (CNAE 4321)	18.145.462	8.720.783	373.068.465	149.151.712	4,9	5,8
Fontanería, instalac. stmas. calefacción e aire acondicionado (CNAE 4322)	4.392.389	2.037.883	312.016.634	92.415.430	1,4	2,2
Outras instalacións en obras de construción (CNAE 4329)	2.726.512	90.723	44.285.387	15.397.577	6,2	0,6
Revocamento (CNAE 4331)	501.168	162.681	8.125.800	2.137.800	6,2	7,6
Instalación de carpintería (CNAE 4332)	568.323	182.325	40.476.507	15.940.229	1,4	1,1
Revestimento de solos e paredes (CNAE 4333)	4.611.356	1.420.862	30.677.176	11.916.024	15,0	11,9
Pintura e acristalamento (CNAE 4334)	2.133.084	1.186.562	43.547.861	20.776.731	4,9	5,7
Outras actividades de construción especializada n.c.o.p. (CNAE 4399)	1.481.539	967.675	195.069.097	70.056.728	0,8	1,4
Comercio por xunto madeira, materiais constr. e aparatos sanitarios. (CNAE 4673)	4.122.509	752.635	436.041.391	68.210.059	0,9	1,1
Comercio por xunto de ferretería, fontanería e calefacción (CNAE 4674)	17.037.511	1.631.301	219.479.471	32.947.393	7,8	5,0
Aluguer maquinaria e equipo para constr. enxeñaría civil (CNAE 7732)	1.035.205	569.853	39.584.534	19.388.296	2,6	2,9
Resto actividades			484.401.408	134.886.952		
Fabricación de cemento (CNAE 2351)			115.418.610	31.079.149		
Construción de redes para fluídos (CNAE 4221)			50.599.649	16.129.887		
Outro acabado de edificios (CNAE 4339)			52.031.068	16.193.156		
Porcentaxe sobre o seu territorio	6,7%	15,3%	8,1%	8,8%		

Fonte: Ardán

2.5.31.

18,8% dos ingresos de explotación (12,4% do veb) e Pontedeume, con case o 12% da facturación e o 20,1% do valor engadido. Asemade, cómpre salientar a elevada dependencia do concello de Fene na evolución deste sector, xa que as empresas da construción representan o 47,3% dos ingresos de explotación das empresas do municipio e o 35,8% do valor engadido bruto.

Atendendo á desagregación dos principais subsectores, cómpre salientar o peso, en termos absolutos, da actividade "fabricación de estruturas metálicas e os seus compoñentes" (CNAE 2511), con 49,7 millóns de euros, fronte aos 30,4 millóns no caso da "construción de edificios residenciais" (CNAE 4121) e os 18,1 millóns de euros no correspondente ás actividades de "instala-

cións eléctricas" (CNAE 4321). En termos relativos, o subsector fabricación de estruturas metálicas factura en Ferrol e a súa área de influencia o 15,4% do total galego, situándose este rateo no 2,3% no caso da construción de edificios residenciais. O peso relativo máis elevado corresponde á actividade de obras hidráulicas, ao representar o 30,4% do total facturado por este subsector na Comunidade Autónoma.

e) Outros sectores: agrogandeiro, forestal-madeira e turismo e comercio

Ademais dos cinco sectores mencionados anteriormente, cómpre rematar a análise da actividade produtiva considerando outros tres sistemas produtivos importantes no territorio como son o complexo agroalimenta-

Sistema produtivo do sector agroalimentario 2014

		Ferrol e a súa área de influencia		Galicia		Área de Ferrol / Galicia	
		facturación	valor engadido	facturación	valor engadido	facturación	valor engadido
Sector agroalimentario		455.856.854	31.284.499	7.517.753.364	836.940.473	6,1	3,7
Agricultura, gandería, caza e servizos relacionados		1.699.062	784.859	256.186.585	48.751.135	0,7	1,6
Cultivo de hortalizas, raíces e tubérculos	(CNAE 113)	202.622	45.588	6.652.924	1.986.620	3,0	2,3
Propagación de plantas	(CNAE 130)	197.510	49.249	11.170.035	6.384.696	1,8	0,8
Explotación de gando bovino para a produción de leite	(CNAE141)	683.983	299.955	12.885.938	3.109.457	5,3	9,6
Actividades de apoio á agricultura	(CNAE 161)	614.947	390.067	24.111.545	4.362.713	2,6	8,9
Industria alimentación		342.666.542	21.982.382	2.839.725.405	300.657.856	12,1	7,3
Fabricación de queixos	(CNAE 1053)	2.679.120	403.006	45.181.789	7.579.505	5,9	5,3
Preparación de leite e outros produtos lácteos	(CNAE 1054)	327.020.007	16.657.349	787.231.531	42.976.305	41,5	38,8
Fabricación de pan e prod. pastelería frescos.	(CNAE 1071)	11.618.579	4.444.000	178.962.668	68.616.475	6,5	6,5
Fabric. de galletas, pan e produtos pastelería longa duración	(CNAE 1072)	122.168	57.594	10.755.209	3.810.458	1,1	1,5
Elaboración de café, té e infusioóns	(CNAE 1083)	817.373	202.163	65.229.200	25.434.798	1,3	0,8
Elaboración de pratos e comidas preparados	(CNAE 1085)	409.295	218.270	3.647.758	1.087.527	11,2	20,1
Fabricación de bebidas		946.603	211.589	659.585.461	189.154.035	0,1	0,1
Destilación, rectificación e mistura de bebidas alcohólicas	(CNAE 1101)	674.915	173.805	21.717.270	5.977.650	3,1	2,9
Elaboración outras bebidas non destiladas, proc. fermentación	(CNAE 1104)	271.688	37.784	271.688	37.784	100,0	100,0
Comercio por xunto de materias primas agrarias e de animais vivos		12.634.083	1.525.171	331.412.125	27.357.644	3,8	5,6
Comercio por xunto cereais, tabaco rama, sementes, alimen. animal	(CNAE 4621)	11.512.818	1.478.661	269.804.416	24.395.643	4,3	6,1
Comercio por xunto de animais vivos	(CNAE 4623)	1.121.265	46.510	61.607.709	2.962.001	1,8	1,6
Comercio por xunto de produtos alimenticios, bebidas e tabaco		95.834.600	5.822.248	3.150.795.560	224.456.913	3,0	2,6
Comercio por xunto de froitas e hortalizas	(CNAE 4631)	3.209.982	510.881	293.734.798	33.000.236	1,1	1,5
Comercio por xunto de carne e produtos cárnicos	(CNAE 4632)	1.259.016	184.645	244.417.658	21.225.869	0,5	0,9
Comercio por xunto prod. lácteos, ovos, aceites e graxas comest.	(CNAE 4633)	71.540.809	2.351.714	592.246.239	15.353.556	12,1	15,3
Comercio por xunto de bebidas	(CNAE 4634)	13.686.730	1.824.391	305.352.148	33.113.387	4,5	5,5
Comercio por xunto de sucre, chocolate e confitaría	(CNAE 4636)	211.976	30.080	71.835.042	9.812.131	0,3	0,3
Comercio por xunto de café, té, cacao e especias	(CNAE 4637)	1.477.134	264.898	6.254.756	1.481.478	23,6	17,9
Comercio por xunto, non especializ., prod. alimen., bebidas e tabaco	(CNAE 4639)	4.448.953	655.639	1.636.954.919	110.470.256	0,3	0,6
Comercio polo miúdo de produtos alimenticios, bebidas e tabaco en postos de venda e mercadillos		1.910.582	883.324	185.215.746	39.549.289	1,0	2,2
Comercio polo miúdo de froitas e hortalizas en establ. especializados	(CNAE 4721)	228.159	34.929	35.902.108	5.840.456	0,6	0,6
Comercio por xunto pan e prod. panadería, confitería , pastelería	(CNAE 4724)	1.652.449	862.579	37.441.147	15.436.526	4,4	5,6
Outro comercio polo miúdo prod. alimenticios en estab. especializ.	(CNAE 4729)	29.974	14.184	83.039.759	12.495.202	0,0	0,1
Comercio por xunto aliment, bebidas, tabaco postos venda e mercadillo	(CNAE 4781)	165.382	74.926	338.913	104.635		
Resto actividades				94.493.569	6.908.966		
Intermediarios do comercio de materias primas agrarias, animais vivos, materias primas téxtiles e produtos semielaborados	(CNAE 4611)			19.112.458	1.545.997		
Intermediarios do comercio de produtos alimenticios, bebidas e tabaco	(CNAE 4617)			74.183.640	4.692.405		
Aluguer de maquinaria e equipo agrícola	(CNAE 7731)			1.197.471	670.564		
Porcentaxe sobre o seu territorio		15,5%	7,6%	11,0%	5,1%		

Fonte: Ardán

2.5.32.

rio, a silvicultura-madeira e o turismo e comercio.

• Complexo agroalimentario

Para a análise deste sistema produtivo considerárase que o complexo agroalimentario está formado pola actividade produtiva propiamente dita, a industria de alimentación e bebidas e as actividade comerciais, por xunto e polo miúdo, de produtos agrarios. En termos da clasificación de actividades económicas, están englobadas as seguintes actividades económicas:

- CNAE 01 "Agricultura, gandería, caza e servizos relacionados coas mesmas";
- CNAE 10 "Industria de alimentación";
- CNAE 11 "Fabricación de bebidas";
- CNAE 4611 "Intermediarios do comercio de materias primas agrarias, animais vivos, materias primas téxtiles e produtos semielaborados";
- CNAE 4617 "Intermediarios do comercio de produtos alimenticios, bebidas e tabaco";
- CNAE 462 "Comercio por xunto de materias primas agrarias e de animais vivos"

- CNAE 463 “Comercio por xunto de produtos alimenticios, bebidas e tabaco”;
- CNAE 472 “Comercio polo miúdo de produtos alimenticios, bebidas e tabaco en establecementos especializados”;
- CNAE 4781 “Comercio polo miúdo de produtos alimenticios, bebidas e tabaco en postos de venda e en mercadillos”;
- CNAE 7731 “Aluguer de maquinaria e equipo agrícola”

Finalmente, no que á actividade empresarial se refire, o **cadro 2.5.32.** reflicte a súa maior importancia en comparación co peso que ten no conxunto do tecido empresarial galego tanto en termos de ingresos de explotación como de valor engadido. Dunha banda, a facturación total das empresas consideradas no complexo alimentario tal e como aquí se definiu ascendeu no ano 2014 a 455,9 millóns de euros, o que representa o 15,5% do total facturado polo tecido empresarial de Ferrol e a súa área de influencia e o 6,1% do facturado polo sector en Galicia. Doutra, o valor engadido bruto xerado sitúase en 31,3 millóns de euros e representa o 7,6% do VEB xerado nas tres comarcas consideradas, porcentaxe dous puntos e medio superior ao rexistrado no conxunto de Galicia (5,1%).

As empresas englobadas dentro do complexo agroalimentario con sede social no concello de Pontedeume, por mor da actividade de preparación de leite e outros produtos lácteos, son as que xeran maiores ingresos de explotación e maior valor engadido, concentrando o 87,3% da facturación do sector na área e o 60,2% do VEB. Séguenlle en importancia Narón, que acolle o 4,4% dos ingresos de explotación e o 10,1% do VEB xerado polo sector, e As Pontes, co 3,5% da facturación e case o 11% do valor engadido. Asemade, cómpre salientar a elevada dependencia do concello de Pontedeume na evolución deste sector, xa que as empresas deste sistema produ-

tivo representan máis do 90% dos ingresos de explotación do tecido empresarial do municipio e o 54,1% do valor engadido bruto.

Atendendo á desagregación dos principais subsectores, cómpre destacar a importancia, en termos absolutos, da industria de alimentación e en especial o subsector de “Preparación de leite e outros produtos lácteos” (CNAE 1054), con 327 millóns de euros. A continuación situaríanse os de “Comercio por xunto de produtos lácteos, ovos, aceites e graxas comestibles” (CNAE 4633) e “Comercio por xunto de bebidas” (CNAE 4321) con 71,5 e 13,7 millóns de euros, respectivamente. En termos relativos, o subsector de preparación de leite e outros produtos lácteos factura en Ferrol e a súa área de influencia o 41,5% do total galego, situándose este rateo no 12,1% no caso do comercio por xunto de produtos lácteos, ovos, aceites e graxas comestibles.

• *Silvicultura–madeira*

A cadea forestal–madeira, na que se inclúen en exclusiva, a consecuencia das limitacións estatísticas, as ramas de silvicultura e explotación forestal, industria da madeira, industria do papel e fabricación de mobles, representa arredor do 2% do valor engadido da economía galega, acadando un peso en termos de emprego do 2,3%.

As ramas que compoñen o complexo produtivo en Galicia son intensivas en emprego e presentan unha produtividade inferior á media galega. A actividade máis relevante na Comunidade é a industria da madeira, que achega en torno ao 36% do valor engadido e o 40% do emprego do complexo produtivo.

No que fai á análise do papel da industria forestal–madeira no conxunto dos concellos analizados neste informe, as ramas de silvicultura e explotación forestal teñen un peso superior ao da provincia de A Coruña e ao de Galicia, ao representar no ano 2014

Industria da madeira 2008-14: empresas con actividade segundo CNAE ⁽¹⁾

	Total CNAE			Industria manufactureira			Industria da madeira e da cortiza			Industria do papel			Fabricación de mobles		
	2008	2013	2014	2008	2013	2014	2008	2013	2014	2008	2013	2014	2008	2013	2014
Galicia	210.119	201.093	198.808	15.430	14.109	13.884	1.758	1.387	1.287	53	55	57	1.384	1.103	1.082
A Coruña	87.620	84.015	83.265	5.990	5.580	5.517	594	465	452	29	30	33	592	494	489
Ferrol e a súa área	12.065	11.168	11.030	732	687	679	73	68	66	3	3	5	80	63	62
Ares	272	267	257	15	12	13	1	1	1	-	-	1	2	1	1
Cabanas	226	216	213	18	17	17	2	-	-	-	-	-	1	-	-
A Capela	68	62	60	6	6	6	1	2	2	-	-	-	-	-	-
Cariño	303	284	274	17	14	15	2	2	2	-	-	-	4	4	4
Cedeira	498	485	479	39	35	35	8	6	5	-	-	-	5	7	7
Cardido	79	69	72	7	7	7	2	2	2	-	-	-	1	1	1
Fene	702	658	638	39	38	38	1	-	-	-	-	-	5	4	5
Ferrol	4.624	3.985	3.847	157	146	143	9	9	10	-	-	-	12	8	7
Mañón	71	72	72	3	2	3	-	-	-	-	-	-	1	1	1
Moeche	75	79	82	9	8	8	-	-	-	-	-	-	6	6	5
Monfero	94	84	89	7	7	7	4	4	4	-	-	-	-	-	-
Mugardos	254	218	226	22	10	10	1	-	-	1	1	1	1	1	1
Narón	2.119	2.190	2.212	194	203	198	15	13	13	1	2	2	24	20	19
Neda	337	315	304	35	31	27	1	2	2	-	-	-	3	2	1
Ortigueira	527	478	472	31	27	30	5	6	6	-	-	-	5	2	2
Pontedeume	538	480	483	35	36	32	4	3	3	-	-	-	3	2	2
As Pontes	681	671	695	55	48	48	8	7	8	1	-	-	1	2	2
San Sadurniño	162	145	146	14	9	10	3	1	2	-	-	-	1	2	2
As Somozas	63	63	63	4	7	8	2	4	4	-	-	-	1	-	-
Valdoviño	372	347	346	25	24	24	4	6	2	-	-	1	4	-	2
Área de Ferrol / A Coruña (%)	13,8	13,3	13,2	12,2	12,3	12,3	12,3	14,6	14,6	10,3	10,0	15,2	13,5	12,8	12,7
Área de Ferrol / Galicia (%)	5,7	5,6	5,5	4,7	4,9	4,9	4,2	4,9	5,1	5,7	5,5	8,8	5,8	5,7	5,7

(1) CNAE 2009

Fonte: IGE

2.5.33.

o 19,6% do total de empresas da industria manufactureira con actividade na área de influencia de Ferrol fronte ao 17,5% en Galicia ou o 17,7% na provincia. Segundo os datos recollidos no Dirce, o **cadro 2.5.33.** indica que a área de Ferrol acolle no último ano o 5,5% das empresas do sector en Galicia, sendo esta porcentaxe do 8,8% no caso da industria do papel.

Tendo en conta o número de empresas localizadas nos concellos de Ferrol e a súa área de influencia, os concellos de Moeche, Monfero e As Somozas superan o 50% de peso da industria da madeira sobre o total da industria manufactureira implantada no concello, acadando case o 63% no caso do concello de Moeche. En xeral, a importancia da actividade na industria da área revélase no feito de que en nove dos seus vinte con-

cellos o peso da industria forestal-madeira no total da industria manufactureira supera o 30% e que catorce municipios presentan un peso relativo superior ao da media galega.

No concernente á facturación e ao valor engadido xerado pola sistema produtivo da madeira, cómpre destacar que xunto á actividade da silvicultura e explotación foresta (CNAE 02) considerárase tamén os seguintes grupos de actividade:

- CNAE 16 "Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartería";
- CNAE 17 "Industria do papel";
- CNAE 31 "Fabricación de mobles";
- CNAE 4613 "Intermediación do comercio da madeira y materiais de construción";

Informe sobre FERROL e a súa área

Sistema produtivo do sistema produtivo da madeira e moble 2014

		Ferrol e a súa área de influencia		Galicia		Área de Ferrol / Galicia	
		facturación	valor engadido	facturación	valor engadido	facturación	valor engadido
		(en €)				(%)	
Sector da madeira e moble		147.963.150	14.369.858	1.635.465.779	325.549.093	9,0	4,4
Silvicultura e explotación forestal		46.562.877	4.454.206	102.262.006	21.062.317	45,5	21,1
Silvicultura e outras actividades forestais	(CNAE 210)	6.932.877	915.987	53.031.951	13.485.976	13,1	6,8
Explotación da madeira	(CNAE 220)	39.630.000	3.538.219	44.248.370	12.489.038	89,6	28,3
Industria da madeira e da cortiza agás mobles; cestería e espartería		55.639.218	4.127.653	1.051.573.739	221.863.665	5,3	1,9
Aserrado e cepillado da madeira	(CNAE 1610)	4.552.783	1.061.563	140.106.422	30.752.236	3,2	3,5
Fabricación de chapas e taboleiros de madeira	(CNAE 1621)	45.079.718	2.908.873	759.591.762	146.731.860	5,9	2,0
Fabricación de estruturas de madeira e pezas carpintería e ebanistería	(CNAE 1623)	4.624.551	- 447.365	103.802.635	32.480.010	4,5	- 1,4
Fab. outros produtos de madeira, artigos cortiza, cestería, espartería	(CNAE 1629)	1.382.166	604.582	26.180.182	5.667.954	5,3	10,7
Industria de papel		8.381.478	737.553	125.883.628	26.735.566	6,7	2,8
Fabricación de papel e cartón	(CNAE 1712)	8.381.478	737.553	44.600.038	7.154.143	18,8	10,3
Fabricación de mobles		4.297.392	1.595.373	34.721.718	12.694.430	12,4	12,6
Fabricación de mobles de cociña	(CNAE 3102)	597.445	118.664	4.890.080	1.485.660	12,2	8,0
Fabricación doutros muebles	(CNAE 3109)	3.699.947	1.476.709	29.759.751	11.181.661	12,4	13,2
Comercio por xunto de madeira, materiais construción e aparatos sanitarios		33.082.185	3.455.073	319.786.803	42.964.201	10,3	8,0
Resto actividades				1.237.885	228.914		
Intermed. do comercio da madeira e materiais de construción	(CNAE 4613)			1.154.554	213.689		
Comercio por xunto de mobles, alfombras e aparatos iluminación	(CNAE 4647)			83.331	15.225		
Porcentaxe sobre o seu territorio		5,0%	3,5%	2,4%	2,0%		

Fonte: Ardán

2.5.34.

- CNAE 4647 “Comercio por xunto de mobles, alfombras e aparatos iluminación”;
- CNAE 4673 “Comercio por xunto de madeira, materiais de construción e aparatos sanitarios”.

Tal e como reflicte o **cadro 2.5.34.**, a facturación das empresas localizadas nos concellos da área analizada e consideradas por Ardán na súa mostra ascendeu no ano 2014 a 148 millóns de euros, o que representa o 5% do total facturado polo tecido empresarial de Ferrol e a súa área de influencia e o 9% do facturado polo sector en Galicia. Doutra banda, o valor engadido bruto xerado polo sector sitúase en 14,4 millóns de euros e representa o 3,5% do VEB xerado na área de Ferrol. Tanto no caso dos ingresos de explotación como no do valor engadido a importancia deste subsector no tecido produtivona área de influencia de Ferrol é superior ao rexistrado no conxunto de Galicia.

As empresas englobadas dentro deste sis-

tema produtivo con sede social no concello de San Sadurniño, por mor da actividade de fabricación de chapas e taboleiros de madeira, son as que xeran maiores ingresos de explotación e maior valor engadido, concentrando o 35,4% da facturación do sector na área e case o 28% do valor engadido. Séguenlle en importancia Cedeira, que acolle o 25,6% dos ingresos de explotación e o 23,9% do VEB xerado polo sector, e Ferrol, co 16% da facturación e o 25,3% do valor engadido. Asemade, cómpre salientar a elevada dependencia do concello de San Sadurniño na evolución deste sector, xa que as empresas deste sistema produtivo representan o 95% dos ingresos de explotación do tecido empresarial do municipio e o 78,4% do valor engadido bruto.

Entre os distintos subsectores considerados salientan o de “fabricación de chapas e taboleiros de madeira” (CNAE 1621), que alcanza unha facturación de 45,1 millóns de euros, ascendendo a 39,6 millóns no caso da actividade de “explotación da madeira”

Bens de interés cultural a 1/3/2016: distribución segundo concellos

	Bic	Clasificación
Ares		
	Comarca Eumesa	Paraxe pintoresca
Cabanas		
	Comarca Eumesa	Paraxe pintoresca
A Capela		
	Comarca Eumesa	Paraxe pintoresca
	Ex-Colexiata de Santa María de Caaveiro	Monumento
Fene		
	Comarca Eumesa	Paraxe pintoresca
Ferrol		
	Arsenal de Ferrol	Monumento
	Barrio da Madalena	Conxunto histórico
	Bario de Ferrol Vello	Conxunto histórico
	Batería de San Cristovo	Monumento
	Batería de San Carlos	Monumento
	Batería de Viñas	Monumento
	Castelo de San Felipe	Monumento
	Torre Antiga de Ferrol	Monumento
Mañón		
	Torre de Lama	Monumento
Moeche		
	Castelo de Moeche	Monumento
Monfero		
	Mosteiro de Santa María	Monumento
	Comarca Eumesa	Paraxe pintoresca
Mugardos		
	Castelo da Palma	Monumento
	Comarca Eumesa	Paraxe pintoresca
Narón		
	Igrexa parroquial e reitoral de San Martiño de Xubia	Monumento
Neda		
	Comarca Eumesa	Paraxe pintoresca
Pontedeume		
	Castelo de Nogueirosa ou Castelo de Andrade	Monumento
	Igrexa de San Miguel de Bréamo	Monumento
	Pazo fortaleza dos Condes ou Torre dos Andrade	Monumento
	Comarca Eumesa	Paraxe pintoresca
As Pontes		
	Castelo de García Rodríguez	Monumento
San Sadurniño		
	Castelo de Naraio	Monumento
	Comarca Eumesa	Paraxe pintoresca

Fonte: Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

2.5.35.

(CNAE 220) e a 33,1 millóns de euros ao “comercio por xunto de madeira, materiais da construción e aparatos sanitarios” (CNAE 4673).

• Turismo e comercio

O sector turístico en Ferrol e na súa área de influencia, dada a potencialidade da zona, representa un importante medio de diversificación da actividade produtiva, centrada tradicionalmente en sectores que están a verse moi afectados pola actual conxuntura

económica. O sector do turismo e o comercio son especialmente relevantes no dinamismo e desenvolvemento do territorio no seu conxunto e nos de cada un dos concellos en particular.

As comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal, cos seus 20 concellos, ocupan a área xeográfica máis noroccidental de Galicia, cunha gran riqueza natural e patrimonial. Ferrol e a súa área de influencia conforma un atractivo destino turístico, destacando as paisaxes, praias, o bosque atlántico costeiro mellor

conservado de Europa ou os cantís máis altos de Europa continental, na serra da Capelada, así como un denso patrimonio cultural e arquitectónico.

Porén, o produto turístico principal do destino refírese ao turismo de natureza, relacionado tanto co mar como coa montaña, vertebrado por varias rutas como son o Camiño Inglés de Santiago, o Camiño da Costa ou o Camiño Vello de San Andrés, pendente da súa declaración como ben de interese cultural.

O Plan de Dinamización Turística Eume-Ferrol e Ortegá destaca como elementos de gran potencialidade a existencia de espazos naturais protexidos como son:

- Sitio Natural de Interese Nacional: Estaca de Bares.
- Espazo Natural en réxime de Protección Xeral: Lagoa e areal de Valdoviño, Ría de Ortigueira e Ladrado.
- Lugares de Importancia Comunitaria (LIC) da Rede natural 2000:
 1. Costa ártabra
 2. Estaca de Bares
 3. Ortigueira- Mera
 4. Ría de Ortigueira-Ladrado
 5. Xubia- Castro
- Sitio RAMSAR e zonas ZEPA: Ría de Ortigueira e Ladrado e Lagoa e areal de Valdoviño.

En relación ao patrimonio arquitectónico, existen un gran número de exemplos de arquitectura civil e relixiosa, castelos, pazos e conxuntos histórico-artísticos. O gran número e a localización xeográfica dos castelos en Ferrol e a súa área de influencia permitirían a creación dunha ruta temática polos castelos de San Felipe (Ferrol), Palma (Mugardos), Moeche (Moeche) e o castelo de Naraio (San Sadurniño).

No que respecta á arquitectura relixiosa, a existencia de numerosos mosteiros e santuarios, nos que salienta o de San Andrés

de Teixido, complétase cunha multitude de igrexas e capelas de interese turístico na zona.

Ademais, Ferrol e a súa área de influencia conservan diferentes manifestacións do patrimonio moble e intanxible, destacando a celebración da Semana Santa na vila de Ferrol, que acolle en torno aos 300.000 visitantes e que supón un impacto económico estimado directo e indirecto na zona de máis de 16 millóns de euros.

No concernente á oferta de aloxamento nos concellos analizados, o **cadro 2.5.36.** indica que Ferrol e a súa área de influencia conta cun total de 148 establecementos hoteleiros, dos que 37 son hoteis, 69 pensións, 28 establecementos de turismo rural, 10 campamentos de turismo e 4 apartamentos turísticos. O seu número de prazas estimadas no ano 2013, último dato facilitado polo IGE, ascende a 5.749. En termos relativos, o conxunto dos 20 concellos considerados acolle o 13,4% dos establecementos da provincia de A Coruña e o 12,4% das prazas, e a relación entre o número de prazas e establecementos sitúase en 38,8 prazas por establecementos, rateo inferior á existente na Coruña e Galicia, con 42,3 e 42,9 prazas, respectivamente. Segundo os datos recollidos Dirce no ano 2014 a área de Ferrol conta cun total de 95 establecementos de aloxamento (12,1%), dos que 67 corresponden a hoteis e aloxamentos similares (13,6%).

Xunto á actividade turística, o sector da restauración e o comercio son elementos dinamizadores da actividade de cada concello. Os datos do Directorio Central de Empresas (Dirce) reflicten que no conxunto dos concellos analizados a actividade de restauración (servizos de comidas e bebidas) acolle un total de 1.521 establecementos, o 18,1% do total da provincia de A Coruña, dos que 1.271 son establecementos de bebidas (20%) e 205 corresponden a restaurantes e postos de comidas (11,4%). No que se refire

Aloxamentos turísticos 2013

	Establecementos					Prazas				
	Hoteis	Pensións	Turismo rural	Campamentos de turismo	Apartamentos turísticos	Hoteis	Pensións	Turismo rural	Campamentos de turismo	Apartamentos turísticos
Galicia	894	1.261	600	116	131	56.374	25.183	7.319	34.977	5.049
A Coruña	269	558	173	50	50	18.475	11.508	2.029	13.125	1.361
Ferrol e a súa área de influencia	37	69	28	10	4	2.148	1.452	318	1.772	59
Cabanas	1	1	-	-	1	282	140	-	-	7
Capela, A	1	2	2	-	-	45	42	24	-	-
Monfero	1	-	5	1	1	12	-	55	122	15
Pontedeume	2	8	1	2	-	170	111	20	405	-
Pontes de García Rodríguez, As	1	4	1	-	-	54	88	6	-	-
Ares	-	1	-	2	-	-	23	-	384	-
Cedeira	1	6	3	-	1	31	197	32	-	16
Fene	-	4	-	-	-	-	59	-	-	-
Ferrol	9	15	-	1	-	766	260	-	215	-
Moeche	-	1	2	-	-	-	15	22	-	-
Mugardos	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
Narón	8	8	-	1	-	459	168	-	42	-
Neda	-	1	1	-	-	-	18	16	-	-
San Sadurniño	1	-	1	-	-	12	-	18	-	-
Somozas, As	-	1	-	-	-	-	16	-	-	-
Valdoviño	2	1	2	3	-	69	14	19	604	-
Cariño	4	2	2	-	-	82	33	20	-	-
Cerdido	1	-	1	-	-	21	-	10	-	-
Mañón	2	6	1	-	-	57	78	10	-	-
Ortigueira	3	8	6	-	1	88	190	66	-	21

Fonte: IGE

2.5.36.


Establecementos con actividade económica 2009 e 2014: comercio por xunto e ao retallo e hostalaría

	2009			2014		
	Galicia	A Coruña	Ferrol e a súa área de influencia	Galicia	A Coruña	Ferrol e a súa área de influencia
Comercio por xunto e ao retallo	56.075	22.233	3.131	53.095	20.724	2.830
Venta e reparación de vehículos de motor e motocicletas	5.738	2.184	298	5.808	2.191	285
Comercio por xunto e intermediarios do comercio, salvo de vehículos de motor e motocicletas	15.542	5.975	674	15.404	5.821	614
Comercio a retallo, salvo de vehículos de motor e motocicletas	34.795	14.074	2.159	31.883	12.712	1.931
Comercio a retallo en establecementos non especializados	4.610	1.758	282	4.197	1.597	266
Comercio a retallo de produtos alimenticios, bebidas e tabaco en establecementos especializados	5.208	2.125	347	4.983	2.052	326
Comercio a retallo de combustible para a automoción en establecementos especializados	457	183	36	463	190	29
Comercio a retallo de equipamentos para as tecnoloxías da información e as comunicacións en establecementos especializados	1.040	452	50	909	380	41
Comercio a retallo doutros artigos de uso doméstico en establecementos especializados	7.620	3.123	469	6.169	2.532	381
Comercio a retallo de artigos culturais e recreativos en establecementos especializados	2.486	1.092	179	2.233	945	163
Comercio a retallo doutros artigos en establecementos especializados	10.109	4.131	634	9.759	3.913	621
Comercio a retallo en postos de venda e feiras	2.969	1.074	134	2.793	951	77
Comercio a retallo non realizado nin en establecementos, nin en postos de venda nin en feiras	296	136	28	377	152	27
Hostalaría	22.499	9.526	1.692	21.753	9.173	1.616
Servizos de aloxamento	2.093	783	91	2.017	783	95
Hoteis e aloxamentos similares	1.265	479	64	1.250	493	67
Aloxamentos turísticos e outros aloxamentos de curta estadia	714	251	22	640	232	22
Cámpings e aparcadoiros para caravanas	91	40	5	84	31	6
Outros aloxamentos	23	13	-	43	27	-
Servizos de comidas e bebidas	20.406	8.743	1.601	19.736	8.390	1.521
Restaurantes e postos de comidas	4.489	1.764	205	4.385	1.804	205
Provisión de comidas preparadas para eventos e outros servizos de comidas	434	202	45	497	227	45
Establecementos de bebidas	15.483	6.777	1.351	14.854	6.359	1.271

Fonte: IGE, Directorio de empresas e unidades locais

2.5.37.

Valoración das perspectivas de futuro das principais ramas de actividade



Fonte: Elaboración propia

2.5.38.

aos servizos de aloxamento, o Dirce sinala que existen un total de 95 establecementos (12,1%), dos que 67 corresponden a hoteis e aloxamentos similares (13,6%).

No eido da actividade comercial, **cadro 2.5.37.**, en Ferrol e a súa área de influencia no ano 2014, hai 2.830 establecementos comerciais, o que supón o 13,7% dos establecementos comerciais da provincia, dos que 1.931 corresponden ao comercio a retalho (agás vehículos de motor e motocicletas), o 15,2% do total provincial, e 614 establecementos ao comercio por xunto e intermediarios de comercio (agás vehículos de motor e motocicletas), que significa o 10,5% do total provincial.

Perspectivas de futuro


Para rematar este capítulo, de seguido recóllense os resultados da enquisa realizada relativos á valoración das perspectivas de

futuro das principais ramas de actividade.

Ferrol e a súa área de influencia caracterízase polo súa histórica vinculación coa industria naval e o sector enerxético, o que xustifica que a enquisa reflicta que estes son, xunto coa industria auxiliar os sectores máis representativos da área. De cara ao futuro, o **cadro 2.5.38.** amosa que as empresas, institucións e asociacións da área consideran que estes tres sistemas produtivos son os de maior futuro para o desenvolvemento do territorio.

Xunto a estes tres sectores, a enquisa realizada reflicte tamén a importancia do turismo e o agrogandeiro, cunha puntuación superior aos sete puntos. Con todo, cómpre mencionar a incerteza existente tendo en conta a valoración de 8,5 puntos sobre 10 da resposta "difícil de determinar" e de 6,6 puntos no caso de "diversificar cara a outros sectores".

Valoración das perspectivas de futuro das principais ramas de actividade: distribución segundo institucións



Fonte: Elaboración propia

2.5.39.

Atendendo á distribución segundo institucións, o **cadro 2.5.39.** reflicte as diferenzas de valoración entre o sector empresarial, os concellos e as asociacións sociais consultadas. Dunha banda, o sector empresarial resalta a importancia futura do naval, enerxía e a industria auxiliar, situándose como a institución que ten máis dificultades á hora de determinar os sectores de futuro para o desenvolvemento do territorio. Doutra, os alcaldes e/ou concelleiros consideran que o turismo e o sector primario (sen contar a pesca) son os máis representativos, mentres que as asociacións consultadas consideran como máis relevantes as relacionadas coas TICs e I+D+i e co sector servizos, entendendo que é necesario diversificar cara outros sectores. □

Informe sobre FERROL e a súa área

